

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de outubro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dous de outubro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1307).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 14 de agosto de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1308).- RECURSO DE CASACIÓN Nº 008/9837/2004 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO ANTE O TRIBUNAL SUPREMO EN RELACIÓN COA LIQUIDACIÓN DE DÉBEDA DO CONCELLO DE VIGO CO SERGAS DERIVADAS DO TRASPASO DO HOSPITAL NICOLÁS PEÑA. PROPOSTA DE DESESTIMENTO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do letrado, Sr. González Yebra-Pimentel, conformado polo titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza de 12 de xullo de 2004, desestimou os recursos contencioso-administrativos nº 3/7564/2001 e 3/8714/2001, acumulados, interpostos por esta Administración local, contra acordo de 9 de febreiro de 2001 do Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se desestima o incidente de conflito de atribucións promovido por este Concello na reclamación económico-administrativa nº 1.578-C 00/6 e contra a .desestimación presunta da dita reclamación económico-administrativa, interposta contra a resolución de 30 de maio de 2000, do presidente do SERGAS, desestimatoria da reposición interposta contra a resolución de 10 de abril de 2000, sobre liquidación de débeda do Concello de Vigo co SERGAS, correspondentes ás achegas pendentes do ano 1999, por importe de 342.500.093 Ptas., derivadas do traspaso do Hospital Nicolás Peña ó SERGAS.

Preparado e interposto por esta Administración municipal recurso de casación contra a dita sentenza, que se segue ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo co número 008/9837/2004, por providencia da Sala, de 15 de setembro de 2006, emprázase á recorrida para que no prazo de trinta días formalice á súa oposición ó recurso.

Como queira que o Concello de Vigo ea X unta de Galicia asinaron un acordo transaccional sobre a transferencia do Hospital Nicolás Peña a fin de determinar o cumprimento das obrigas que se deducen do acordo de transferencia do Hospital Municipal Nicolás Peña, con efectos de 1 de xaneiro de 1994, no que se estipula que as partes renuncian expresamente a toda reclamación promovida na actualidade ou que no futuro poda promoverse, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional, en relación coas obrigas que se deduzan do apartado E) do Decreto 27/1994, de 4 de febreiro, polo que se acordou a transferencia do devandito hospital -abrigas que son as que se discuten no presente recurso-, procede desistir do recurso de casación interposto, para o cal, de conformidade co artigo 74.2 LRXCA, deberá adoutarse acordo en tal sentido pola X unta de Goberno Local, que é o órgano competente, de acordo co artigo 127, apartados g) e j) LRBRL, para o exercicio da acción que nos ocupa.

Polo exposto, e en mérito das precedentes consideracións, proponse á X unta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desistir do recurso de casación que, co número 008/9837/2004, se segue ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo, contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 12 de xullo de 2004, desestimatoria dos recursos contencioso-administrativos nº 3/7564/2001 e 3/8714/2001, acumulados, interpostos por esta Administración local, respectivamente, contra acordo de 9 de febreiro de 2001 do Tribunal Económico-Administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se desestima o incidente de conflito de atribucións promovido por este Concello na reclamación económico-administrativa nº 1.578-C 00/6 e contra a desestimación presunta da dita reclamación económico-administrativa, interposta contra a resolución de 30 de maio de 2000, do presidente do SERGAS, desestimatoria da reposición interposta contra a resolución de 10 de abril de 2000, sobre liquidación de débeda do Concello de Vigo co SERGAS, correspondentes ás achegas pendentes do ano 1999, por importe de 342.500.093 Ptas., derivadas do traspaso do Hospital Nicolás Peña ó SERGAS.

Segundo.- Dese traslado do presente acordo á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo ós efectos previstos no artigo 74.2 L xunto cunha copia autenticada do referido acordo transaccional.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1309).-SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 255/06 INTERPOSTO POR SIMCO S.L. CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL ESTIMATORIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS E QUE OBRIGA Á RECORRENTE Á INDEMNIZACIÓN POLOS MESMOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 29.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Que debo desestimar e desestimao integramente a demanda formulada pola procuradora dos tribunais Dª María Jesús Nogueira Fos, en nome e representación de SIMCO S.L., contra a resolución da Xunta de Goberno do Concello de vigo de data 20.02.06, pola que se declarou a responsabilidade patrimonial da recorrente, en condición de empresa adxudicataria do servizo de conservación e reposición dos parques forestais, polos danos sufridos polo interesado Francisco Felisindo Navarez Yañes, o día 7 de novembro de 2003, no parque o Vixiador, ó caerlle sobre un pé unha mesa de pedra, obrigando á demandante a indemnizarlle na cantidade de 1.523,54 €, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio e Contratación.

4(1310).-SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 507/2005 INTERPOSTO POR D. ABRAHAM TENOIRA REINA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Abraham Tenoira Reina contra resolución do Concello de Vigo de 3.11.05, desestimatoria do recurso de reposición interposto polo recorrente fronte a resolución de 5.10.05, dictada no expediente sancionador núm. 10501103210, que impuxo ó mesmo sanción consistente en multa de 45 € por infracción do art. 39.2 da Lei de Seguridade (estacinar en zona peonil obstaculizando); resolución que confirmo, ó considerala axustada a dereito. Sin facer expresa imposición de custas procesuais.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Tráfico e Seguridade.

5(1311).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4567/2003 INTERPOSTO POR D. JOSÉ IGNACIO BASTÓN PÉREZ CONTRA RESOLUCIÓN DA COTOPV, EN RELACIÓN COA

DESCUALIFICACIÓN DE VIVIENDA DE PROTECCIÓN OFICIAL EN MARTÍN ECHEGARAY Nº 9-6º A. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.03.06, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Desestimar o recurso contencioso-administrativo interposto por Jose Ignacio Bastón Pérez contra a resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de 29.01.02, na que estimándose o recurso de alzada interposto polo Concello de Vigo contra a resolución do delegado Provincial da Consellería de 24 de xullo de 2002, pola que se acorda a descalificación da vivenda de protección oficial sita na rúa Martín Echegaray nº 9- 6º A da expresada cidade, revógase esta última resolución; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

6(1312).-SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 4/06 INTERPOSTO POR D. MARCOS SOTELO PRIETO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 20.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Marcos Sotelo Prieto contra resolución do Concello de Vigo de 18.10.05, desestimatoria do recurso de reposición interposto polo recorrente fronte á resolución de data 6.09.05, dictada no expediente sancionador núm. 1040093585, que impuxo ó mesmo sanción consistente en multa de 45 euros por infracción do art. 44.3 da Lei de Seguridade Vial; resolución que confirmo ó considerala axustada a dereito. Sen facer expresa imposición de custas procesuais.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Tráfico e Seguridade.

7(1313).-SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 7063/2004 INTERPOSTO POR SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A. CONTRA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO, EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓN DE TAXA DE ENTRADA DE VEHÍCULOS. INADMISIBLE.

Dáse conta da sentenza de data 1.02.06, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Que debemos declarar e declaramos a inadmisibilidade do recurso de apelación nº 7063/2004, interposto pola representación da Sociedad Estatal Correos y Telegrafos S.A. contra a sentenza dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo a que se contraen as presentes actuacións, sentenza que en consecuencia debemos declarar e declaramos firme; e todo iso sen efectuar declaración ningunha en canto a custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Tributos.

8(1314).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 474/05 INTERPOSTO POR D. Mª FLOR MARTÍNEZ ORTEGA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 21.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de María Flor Martínez Ortega fronte ó concello de Vigo contra a desestimación municipal da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial, que se declara contraria a Dereito, coa conseguinte condena ó Concello a que abone á actora a cantidade de 2.035,25 € cos xuros regais dende a data da reclamación (14.07.2004), sen pronunciamento en materia de custas.

Así mesmo, dáse conta do auto de data 17.07.06, dictado polo mesmo Xulgado, que na súa parte dispositiva di:

Acordo correxir o FD Cuarto así como o fallo da sentenza dictada no P.A. 474/05 debendo substituír a cantidade de 6.058,59 € pola de 4.729,085 €.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza e do auto, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación-Responsabilidade Patrimonial de Intervención-Tesourería.

9(1315).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 107/06 INTERPOSTO POR D. DELFIN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 23.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Que debo estimar e estimo a demanda formulada pola procuradora María José Toro Rodríguez, en nome e representación de Delfin Rodríguez González, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo actor o día 30.11.04, como consecuencia da avería sufrida no vehículo da súa propiedade a consecuencia da súa retirada pola grúa municipal, anulando a mesma e condenando ó Concello demandado a que abone ó actor a cantidade de 1.979,41 € que devengará o xuro legal dende a data da súa presentación en vía administrativo (13/12/2004), sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación, Intervención e Tesourería.

10(1316).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 229/04 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO ALVAREZ GONZALEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. REMATADO O PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto de data 5.07.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Declárase rematado o presente procedemento interposto por Francisco Alvarez González contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

11(1317).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 477/05 INTERPOSTO POR D. ALFONSO FERNÁNDEZ ANDIÓN CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. INADMISIBLE.

Dáse conta da sentenza de data 28.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Declaro inadmisibile o presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación do Alfonso Fernández Andión ó non terse agotado (na data da súa formulación nesta vía xudicial) a vía administrativa, pola falla de actividade adminsitrativa impugnabile.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ó Servizo de Patrimonio e Contratación.

12(1318).- CONTRATACIÓN DO EQUIPO TÉCNICO DO PLAN LOCAL SOBRE DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS ADICCIÓNS 2006-2008. EXPTE. 16328/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Servizo de Benestar Social, do 26.09.06, conformado pola concelleira de Benestar Social, que di o seguinte:

O Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicciós 2006-2008 (expte. 16.204/301) foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 12 de xuño de 2006.

Na parte resolutiva dese acordo indícase “Que polo Servizo de Benestar Social se inicie o expediente para a creación e dotación da Oficina Técnica vinculada ao desenvolvemento do PLDA 2006-08”.

O PLDA 2006-2008 aprobado na Xunta de Goberno Local contempla, para lograr o seu correcto desenvolvemento, a creación da Oficina Técnica do PLsDA, cunha serie de cometidos vinculados directamente co desenvolvemento deste programa municipal que se plantea para o período 2006-2008 en función dunhas liñas estratéxicas, obxectivos e accións no eido da asistencia, prevención e incorporación social en materia de drogodependencias.

O propio PLDA aprobado prevé que a Oficina técnica deberá estar dotada inicialmente canto menos por dous técnicos, un superior e outro medio, encargados de dar cobertura profesional ás funcións da Oficina en relación co desenvolvemento do Plan durante o período de referencia do mesmo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 17 de xullo de 2006 (expte.: 16328/301), acordou:

- 1. Aprobar a creación da Oficina técnica tal e como está prevista no Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicciós 2006-2008, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 12/06/06, dotada inicialmente cun/ha técnico/a superior coordinador/a e dun/ha técnico/a medio de xestión.*
- 2. Aprobar o procedemento para a selección do equipo técnico para o desenvolvemento do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicciós 2006-2008, nos termos expostos nas Bases que se achegan co expediente.*

Realizado o procedemento de selección recollido nas bases e, segundo as actas de selección dos días 13/09/2006 e 21/09/2006 que se achegan no expediente, obtiveron a maior puntuación final para cada posto:

- Para o posto de técnico superior-coordinador/a do Equipo técnico do PLDA 2006-2008*

36.088.794-R ANA CARTEA LÓPEZ

- Para o posto de técnico medio de xestión do Equipo técnico do PLDA 2006-2008 obtivo tamén a maior puntuación Ana Cartea López, obtendo o segundo lugar M^a del Carmen Cores Otero. Non embargantes, Ana Cartea López en escrito remitido a este Concello (Rexistro num. 60098881) presentou renuncia a ocupar o posto de Técnico Medio, polo que corresponde o primeiro lugar na puntuación a M^a del Carmen Cores Otero.*

*36.088.794-R ANA CARTEA LÓPEZ
36.087.102-X M^a DEL CARMEN CORES OTERO*

Tal e como se recollen nas bases, os contratos que se realicen,

- Serán por obra ou servizo de duración determinada, a xornada completa.
- O obxecto do contrato será: O desenvolvemento do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións 2006-2008, aprobado pola Xunta de Goberno Local de 12 de xuño de 2006.
- Período de contratación estimado: dende o 9 de outubro de 2006 ata o 31 de decembro de 2007.
- As retribucións salariais serán as establecidas no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 04-07 (no apartado de TÉCNICOS/XESTORES).

En virtude do anterior, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1. Contratar para o posto de técnica superior-coordinadora do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións 2006-2008 (PLDA 2006-08) a Dna. Ana Cartea López, con DNI nº 36.088.794-R
2. Contratar para o posto de técnica medio de xestión do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións 2006-2008 (PLDA 2006-08) a Dna. M^a del Carmen Cores Otero, con DNI nº 36087102-X

Conforme ás Bases para a contratación, os contratos:

- Serán por obra ou servizo de duración determinada, a xornada completa.
- O obxecto do contrato será: o desenvolvemento como (segundo o posto de traballo concreto) do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións 2006-2008, aprobado pola Xunta de Goberno Local de 12 de xuño de 2006.
- Duración: dende o momento da contratación ata o 31 de decembro de 2007.
- As retribucións salariais serán as establecidas no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 04-07 (no apartado de TÉCNICOS/XESTORES).

Acordo

A Xunta de Goberno acorda aprobar a proposta contida no precedente informe, agás no referente ao período de contratación, que será de dous anos menos un mes a contar dende o momento da contratación.

13(1319).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE XANEIRO A AGOSTO DE 2006. EXPTE. 4004/077.

De conformidade co establecido na Base 31^a das Bases de Execución do Presuposto municipal 2005” do Concello de Vigo, a concelleira delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contrato menor tramitados no servizo de Desenvolvemento Local correspondentes aos meses de xaneiro e agosto do presente ano 2006, que son os seguintes:

Nº Exp.	Concepto	Subministrador	Importe
3595-077	Contratación do servizo de limpeza para a Escola Obradoiro Mar de Vigo III	LINORSA	6.084,42 €
3631-077	Adquisición de vestiario para o alumnado da Escola Obradoiro Mar de Vigo III	INMAGAR PEYCAR PRENDAMAR	3.101,16 € 1.480,60 € 1.863,56 €
3636-077	Autorización de gasto menor para a contratación do servizo de reparación da máquina cepilladora necesaria para a especialidade de carpintería dentro da E.O. Mar de Vigo III	VINAVAL	997,67 €
3657-077	Contratación da Formación en Prevención de Riscos Laborais para a segunda quenda do BIAL	FREMAP	3.617,46 €
3662-077	Conexión a central receptora de alarmas nas dependencias municipais xestionadas pola Concellaria de Desenvolvemento Local e Emprego	SEGURGAL	686,33 €
3669-077	Asistencia Técnica para o Proxecto de Obra da Escola Obradoiro Mar de Vigo III	INSENAVAL, S.L.	5220,00 €
3670-077	Autorización de gasto menor para o deseño do logotipo e a implementación da papelería do Proxecto Actívate	MANA S.C.	2.320,00 €
3686-077	Adquisición de ferramenta para o alumnado da especialidade de Novas Técnicas de construción naval dentro da E. O. Mar de Vigo III	VALFER, S.L. SUNAFER, S.L. Fdez.& Comesaña S.A. Justo Otero e Hijos, S.L.	322,29 € 438,18 € 1.319,80 € 2.515,52 €
3688-077	Adquisición de ferramenta para o alumnado da E.O. Mar de Vigo III, na especialidade de Carpintería de Riveira	VALFER, S.L. SUNAFER S.L. Fdez & Comesaña, S.L. Justo Otero e Hijos S.L.	189,92 € 632,69 € 1.411,17 € 3.038,63 €
3689-077	Adquisición de ferramenta para o alumnado da E. O. Mar de Vigo III na especialidade de Actividades Náuticas	VALFER, S.L. SUNAFER S.L. Fdez & Comesaña, S.L. Justo Otero e Hijos S.L.	486,76 € 254,02 € 1.203,41 € 1.677,27 €
3690-077	Contratación de material para o alumnado de Novas Técnicas de construción naval da E.O. Mar de Vigo III	Pinturas Alborada, S.L. DISGAL, S.L. Resinas Castro, S.L. Justo Otero e Hijos, S.L.	2.280,41 € 1.524,22 € 1.233,28 € 1.831,81 €

3691-077	Contratación de madeira para o alumnado da E.O. Mar de Vigo III dentro da especialidade de carpintaría de ribeira	Maderas Benito Estévez e hijos Mad. Noroeste de España, SL	5.926,01 € 2.054,24 €
3711-077	Autorización de gasto menor para a adquisición de 8 licenzas de Windows XP para os módulos de Informática do "Proxecto Actíivate"	Gómez Besada, S.L.	1.122,88 €
3726-077	Contratación dunha asistencia técnica para a realización dun curso de experto/a en limpeza dentro dos itinerarios de inserción laboral do "Proxecto ACTIVATE"	LINORSA, S.L.	5.887,00 €
3744-077	Autorización de gasto menor para a contratación do seguro das embarcacións da E. O. Mar de Vigo III, especialidade de Actividades náuticas	Winterthur MAPFRE	312,92 € 545,96 €
3746-077	Contratación dos seguros de accidentes e responsabilidade civil para o alumnado dos itinerarios formativos do ano 2006 do Proxecto ACTÍVATE.	Lider Eurinco S.L.	2.888,26 €
3772-077	Autorización de gasto menor para a elaboración de papelería e rótulos identificativos do Proxecto ACTIVATE	PUBLIIDEA 2002 S.L.L.	1.671,73 €
3804-077	Autorización de gasto menor para os módulos de sensibilización medioambiental do Proxecto ACTIVATE	Juan Manuel Galera Rguez.	2.430,00 €
3805-077	Contratación dunha asistencia Técnica para a realización dun curso de axudante de cociña dentro dos itinerarios dos IIL do Proxecto ACTIVATE	Elena Zulueta de Madariaga	11.550,00 €
3822-077	Adquisición de EPIS para o BIAL	Peycar S.L.	3.182,32 €
3836-077	Autorización de gasto menor para adquisición de uniformes para a realización de prácticas dos beneficiarios do itinerario de cociña en centros escolares e sociosanitarios do Proxecto ACTIVATE	MAPROVI, S.L.	1.190,45 €
3862-077	Contratación dun servizo de interpretación na lingua de signos española (LSE) para o itinerario de inserción laboral de "Axudante de cociña en centros escolares e sociosanitarios" do Proxecto ACTIVATE.	Fundación FAXPG	7.525,81 €
3893-077	Contratación do servizo de mantemento do ascensor do CITIC	Schindler S.A.	2.868,48 €

3898-077	Contratación dunha asistencia técnica para a realización dun curso de Teleoperador dentro dos itinerarios de inserción laboral do Proxecto ACTIVATE.	Aula Estudio Formación Práctica S.L.	9.000,00 €
----------	--	---	------------

Asi mesmo tramitáronse os seguintes contratos menores sen adxudicación:

Nº Exp.	Concepto	Suministrador	Importe
3598-077	Autorización de gasto menor para gastos diversos da Escola Obradoiro Mar de Vigo III,	Varios	9.952,00 €
3599-077	Autorización de gasto menor para material de oficina da Escola Obradoiro Mar de Vigo III,	Varios	1.500,00 €
3601-077	Autorización de gasto menor para a inserción dun anuncio para cubrir as prazas do equipo directivo da Escola Obradoiro Mar de Vigo.	Varios	780,39 €
3602-077	Autorización de gasto menor para gastos de comunicación e correos da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego	Varios	1.500,00€
3603-077	Autorización de gasto menor para a adquisición de material de oficina para a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego	Varios	1.500,00 €
3604-077	Autorización de gasto menor para a adquisición de prensa, libros, revistas e outras publicacións.	Varios	1.000,00 €
3605-077	Autorización de gasto menor para mantemento das instalación de`pendentes da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego	Varios	1.000,00 €
3634-077	Autorización de gasto menor para gastos varios do Proxecto ACTIVATE	Varios	4.500,00 €
3639-077	Autorización de gasto menor para cubrir gastos diversos da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego	Varios	4.000,00 €
3644-077	Autorización de gasto menor para gastos de desprazamentos e dietas do persoal do Proxecto ACTIVATE	Varios	750,00 €
3646-077	Autorización de gasto menor para adquisición de prensa, libros revistas e outras publicacións dentro da Escola Obradoiro Mar de Vigo III	Varios	1.000,00 €
3647-077	Autorización de gasto menor para a adquisición de subministrados para a Escola Obradoiro Mar de Vigo III	Varios	5.000,00 €
3648-077	Autorización de gasto menor para gastos de Información e Difusión de Programas de Emprego	Varios	3.000,00 €
3655-077	Autorización de gasto menor para a inserción dun anuncio en varios periódicos pola participación na Feria VIGONAUTICA.	Varios	7.000,00 €
3661-077	Autorización de gasto menor para pago das taxas para a realización do examen para a obtención da autorización		

	federativa para a especialidade de Actividades Náuticas dentro da Escola Obradoiro Mar de Vigo III	Varios	1352,00 €
3699-077	Autorización de gasto menor para pago das taxas do curso de 1º auxilios necesario para o alumnado de Actividades Náuticas dentro da E.O. Mar de Vigo III	Varios	1.800,00 €
3764-077	Autorización de gasto menor para cubrir as taxas do Curso Básico de Prevención de Riscos Laborais necesario para as especialidades da E.O. Mar de Vigo III.	Varios	1.168,50 €
3765-077	Autorización de gasto menor para a adquisición de vestuario para a E.O. Mar de Vigo III.	Varios	1.500,00 €
3766-077	Autorización de gasto menor para a adquisición de material de oficina para a E. O. Mar de Vigo III	Varios	1.000,00 €
3776-077	Autorización de gasto menor para gastos diversos da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego	Varios	2.500,00 €
3833-077	Autorización de gasto menor para adquisición de subministrados para a E. O. Mar de Vigo III, 2ª fase	Varios	5.000,00 €
3834-077	Autorización de gasto menor para gastos diversos da E.O. Mar de Vigo III	Varios	2.000,00 €
3980-077	Autorización de gasto menor para a compra de libros para os beneficiarios do Proxecto ACTIVATE.	Varios	1.500,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

14(1320).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A DOMUS HOME S.L. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA PARA OBRA NA RÚA VENEZUELA, 78. EXPTE. 72578/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 19.09.06, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, que di o seguinte:

En data 3 de xuño de 2005, por parte de DOMUS HOME, SL, constituíuse un aval de 1.500 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Venezuela, 78 (expte 72578/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra, DOMUS HOME, SL, en data 1 de agosto de 2006 solicita a baixa da mesma e a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 4 de agosto de 2006, o inspector de Seguridade Vial informa que se pode proceder á devolución do aval porque retiraron toda a sinalización de obra.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 3 de xuño de 2005 por DOMUS HOME, S.L, con CIF B-36937936, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa VENEZUELA, 78, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1321).- PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA O USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 3075/320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Atención e Participación Cidadá, do 14.09.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Na Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro de 2004, aprobouse o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis para o uso e realización de actividades no Centro Cívico de Teis.

Tendo en conta que:

- Na súa cláusula terceira: Vixencia: "A duración do convenio será dun ano, a contar dende o 1 de setembro de 2004. De non existir denuncia expresa previa do convenio dentro do prazo do mes anterior a súa finalización, e de común acordo entre as partes, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais, mediante acordo expreso no que se recollan os novos programas e proxectos a desenvolver nese período, así como as actualizacións e revisións que procedan. En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de tres anos."*
- Na cláusula décimocuarta: "Funcionamento Económico" prevé a asignación anual dunha partida orzamentaria, definida de acordo co orzamento xeral do Concello, para atender as sucesivas prorrogas do convenio para a programación do centro e para outros gastos derivados do funcionamento de equipamento.*
- No orzamento de gastos para o ano 2006, na partida 4631 227 06 02, consignase un importe para "Convenios de Colaboración con Outros" de 40.000,00 €.*
- A Asociación de Veciños de Teis propón para o presente ano o programa de actividades que se achega no anexo.*

Polo anteriormente exposto propoño a Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

1. *Aprobar a segunda Prorroga do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis. desde o 1 de setembro de 2006 ó 31 de agosto de 2007 .*
2. *Aprobar o programa de actividades que se achega no anexo.*
3. *Autorizar e dispoñer un gasto por importe total de 40.748,00 € con cargo á partida orzamentaria de Participación Cidadá, 463.1.227.06.02, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, do cal, 16.299,20 € serán aboados con cargo ó orzamento do ano 2006 e os 24.448,80 € restantes serán aboados con cargo ó orzamento do ano 2007,*

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.-Aprobar a segunda Prorroga do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis, dende o 1 de setembro de 2006 ó 31 de agosto de 2007 .

2º.- Aprobar o programa de actividades que se achega no anexo do expediente.

3º.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe total de 40.748,00 € con cargo á partida orzamentaria de Participación Cidadá, 463.1.227.06.02, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, do cal, 16.299,20 € serán aboados con cargo ó orzamento do ano 2006 e os 24.448,80 € restantes serán aboados con cargo ó orzamento do ano 2007,

16(1322).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO, PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA A UBAS DE TEIS E COIA. EXPTE. 16717/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.09.06, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 12.09.06, conformado pola delegada do Goberno na Área de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º .- Autorizar o gasto 23.000 € para a execución da subministración de mobiliario para as Ubas de Teis e Coia que se imputarán á partida presupuestaria 313 0 6250000 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo Excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a subministración de mobiliario Ubas Teis e Coia.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

17(1323).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE TRANSPORTES E MONITORAXE DO PROGRAMA “VIGO POR DENTRO”. EXPTE. 8048/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 15.09.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Educación e polo interventor xeral, que di o seguinte:

O Ilmo.Sr.Alcalde, con data 12 de xuño de 2003 adxudicou:

- *Lote A (monitoraxe) do programa educativo VIGO POR DENTRO a Producción e Xestión Cultural, S.L.. e,*
- *Lote B (transporte) do concurso para a execución do programa educativo VIGO POR DENTRO a Autocares La Florida, S.L.*

Ambos por un período de 2 anos, prorrogable a dous anos máis.

A Xunta de Goberno celebrada o 05-09-2005 acordou aprobar a primeira prórroga do contrato.

O servizo dde Educación remite o día 14-09-2006 o expediente para tramitación dunha nova prórroga

A vista das anteriores circunstancias e previo informe da Intervención Xeral, propónse a adopción do seguinte acordo:

“ Aprobar a 2ª e última prórroga do contrato a:

- *Lote B (transportes) a Autocares La Florida, S.L. a execución do programa educativo VIGO POR DENTRO e con efectos desde o día 27 de agosto de 2006 a 28 de agosto de 2007.*
- *Lote A (monitoraxe) a Producións e Xestións Culturais, S.L. a execución do programa educativo VIGO POR DENTRO e con efectos desde o día 22 de novembro de 2006 a 21 de novembro de 2007.*

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade do precedente informe, acorda:

Aprobar a 2ª e última prórroga do contrato a:

- Lote B (transportes) a Autocares La Florida, S.L. a execución do programa educativo VIGO POR DENTRO e con efectos desde o día 27 de agosto de 2006 a 28 de agosto de 2007.
- Lote A (monitoraxe) a Producións e Xestións Culturais, S.L. a execución do programa educativo VIGO POR DENTRO e con efectos desde o día 22 de novembro de 2006 a 21 de novembro de 2007.

18(1324).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A ASISTENCIA TÉCNICA DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INTERPRETACIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DE VIGO. EXPTE. 3399/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 12.09.06 e conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a José Valtierra Pérez o procedemento negociado para a a contratación da asistencia técnica programa municipal de interpretación e divulgación do patrimonio arqueolóxico de Vigo. Expte.3399/307 por un importe de 21.030 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 10.07.2006 e a oferta presentada.

19(1325).- EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DO USO PRIVATIVO DO DOMINIO PÚBLICO MEDIANTE A INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 17395/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 21.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- A xunta de Goberno Local en sesión de 19 de abril de 2006, acordou aprobar inicialmente o prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerá a concesión administrativa para o uso privativo do dominio público mediante a instalación de quioscos na vía pública.

SEGUNDO.- No período de información pública, ó que se someteu o prego de cláusulas administrativas aprobado, polo prazo e procedemento regulamentario, non se formuláron alegacións, segundo resulta da certificación do Secretario Xeral de data 31.08.2006.

TERCEIRO.- Resulta competente para a aprobación definitiva do prego de cláusulas administrativas e técnicas que sirvan de base e rexerán a concesión, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar definitivamente o prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerá a concesión administrativa para o uso privativo do dominio público mediante a instalación de quioscos na vía pública

2º.- Convocar o concurso para a concesión administrativa do uso privativo do dominio público mediante a instalación de quioscos na vía pública, na forma prevista na lexislación vixente no prego de condicións.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerá a concesión administrativa para o uso privativo do dominio publico mediante a instalación de quioscos na vía publica co texto que figura no acordo de aprobación inicial do 19.04.06.

2º.- Convocar o concurso para a concesión administrativa do uso privativo do dominio publico mediante a instalación de quioscos na via publica, na forma prevista na lexislación vixente no prego de condicións.

20(1326).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA A ADECUACIÓN DO EDIFICIO “FINCA SOLITA” DE ALCABRE COMO CENTRO CÍVICO. EXPTE. 1054/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.09.06, e de acordo co informe do xefe de Negociado de Contratación, do 14.08.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 30.000 € para a prestación da asistencia técnica para a redacción do proxecto de execución para a adecuación do edificio "Finca Solita" de Alcabre como centro cívico que se imputarán á partida presupuestaria 4631 2270603 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares, do 14.08.06, para a contratación da asistencia técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas, do 20.07.06, para a prestación da asistencia técnica de redacción do proxecto de execución para a adecuación do edificio "Finca Solita" de Alcabre como centro cívico.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

21(1327).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA O ACONDICIONAMENTO DOS LOCAIS DE DR. FLEMING PARA CENTRO DE SERVIZOS CULTURAIS E DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL E LABORAL. EXPTE. 1055/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.09.06, e de acordo co informe do xefe de Negociado de Contratación, do 22.08.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 18.000 € para a prestación da asistencia técnica para redacción do proxecto de execución para o acondicionamento dos locais de Dr. Fleming, para centro de servizos socioculturais e de rehabilitación psicosocial e laboral que se imputarán á partida presupuestaria 4631 2270602 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, do 22.08.06, para a contratación da asistencia técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas, do 20.07.06, para a prestación da asistencia técnica de redacción do proxecto de execución para o acondicionamento dos locais de Dr. Fleming, para centro de servizos socioculturais e de rehabilitación psicosocial e laboral.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

22(1328).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE LOITA CONTRA INCENDIOS. EXPTE. 4155/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 13.09.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, o concelleiro de Medio Ambiente e o interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local por acordo de 24-07-2006 acordou adxudicar a Servicios Medioambientais Forsai, S.L. o servizo de colaboración en materia de loita contra incendios por unha cantidade global de 32.000 euros.

No apartado 28 da Folla de Especificacións do Contrato anexa o prego de cláusulas administrativas particulares se establece o seguinte:

“No caso de que se formalice o convenio coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia para a participación do concello de Vigo na loita contra incendios forestais a dotación presupuestaria incrementaríase e polo tanto continuaría a prestación do contrato ate o remate de esta segunda cantidade, previa a tramitación da correspondente modificación do contrato.”

Asinado un novo convenio coa consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, PROPONSE a Xunta de Goberno Local a adopción seguinte acordo:

“Modifica-lo contrato de prestación do servizo de colaboración en materia de loita contra incendios subscrito coa empresa Servicios Medioambientais Forsai, S.L por acordo da Xunta de Goberno Local de 24-07-2006 no sentido de incrementa-lo prezo do mesmo en 23.401 euros”

O gasto que xenere o expediente poderase imputar a partida 445.0.227.06.03.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1329).- RECLAMACIÓN DE D^a. CRISTINA AMOEDO HERMIDA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 237/243. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 15.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Cristina Amoedo Hermida presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de xuño de 2004, no que expón que o día 01 de novembro de 2003 un sinal de tráfico caeu sobre o vehículo de súa propiedade, matrícula 9557-BPG e que era conducido por D. José Manuel Rodríguez Sánchez, mentres estaba parado nun paso de peóns no camiño Quirós en Sárdoma, producíndose danos materiais valorados en 1.048,78 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 01/11/2003, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán o sinal de tráfico caído e os danos ocasionados ó vehículo da Sra. Amoedo.*
- Informe do servizo de Seguridade e Circulación Viaria, de data 16/12/2004.*
- Informe do Parque Móbil, de data 06/06/2006, comunicando que os prezos contidos na factura n^o 04/000020 de Talleres Maan, presentada pola reclamante, por un importe de 1.048,78 euros IVE incluído, son correctos.*
- Práctica de proba testifical en data 14/07/2006 á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Amoedo.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, en data 21/07/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polo Parte de Servizo da Policía Local de 1 de novembro de 2003 obrante no expediente a realidade do dano, procede examinar en primeiro lugar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento

do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, e en segundo lugar a súa cuantificación económica.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o ordenación do tráfico de vehículos e persoas na vías urbanas (artigos 25.2.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local), precisando para iso dunha serie de infraestruturas, nas que se inclúen os sinais de tráfico como a que nos ocupa. En consecuencia, segundo a sentenza de 10 de novembro de 1994 do Tribunal Supremo, “las entidades de la Administración Local tienen la obligación inexcusable de mantener tales vías públicas abiertas a la circulación peatonal y viaria, en condiciones tales que la seguridad de quienes las utilizan esté normalmente garantizada, al menos en cuanto a los aspectos materiales de mantenimiento de esas vías para su fin específico”. E en consecuencia deberase responder cando esa seguridade se vexa comprometida e se produzan danos.

Do exame do expediente dedúcese que a causa eficiente dos danos sufridos polo vehículo da Sra. Amoedo foi a caída dun sinal de ceda o paso enriba do mesmo. E iso dedúcese non da testifical de D. Diego López Herbón, a que non lle podemos dar credibilidade, xa que, non só a súa imparcialidade vese comprometida por coñecer ó condutor do coche e mais a súa titular e incorrer en contradicións cos feitos na súa declaración (data e hora do incidente), senón tamén por non aparecer no Parte de Servizo da Policía Local persoada no lugar dos feitos escasos minutos despois de ser requeridos pola central, e de que se producise o incidente. Tampouco se deduce das fotografías achegadas coa reclamación, que segundo figura no seu encabezamento refírense a un sinistro de data anterior ó que nos ocupa (1de xaneiro de 2002), e que en todo caso probarían uns danos pero non a súa relación cun servizo público.

É o Parte de Servicio da Policía Local o que nos acredita que o sinal de ceda o paso encontrábase caído enriba da furgoneta Peugeot Partner 9557 BPG e que lle producira uns danos. E acréditano, en primeiro lugar, pola presunción de veracidade de que gozan os membros da Policía Local na súa calidade de axentes da autoridade. En segundo lugar, pola inmediatez da actuación dos axentes, que sendo requeridos pola central as 04:45 persóanse no lugar dos feitos estándoos aínda esperando o condutor do vehículo. E por último, que o Parte recolle que o vehículo presentaba marcas de pintura vermella e negra duns graffittis existentes no sinal, detalle que nos leva a pensar que se trata do mesmo sinal de ceda o paso que aparece nas fotografías do informe de Mobilidade e Seguridade emitido con data de 21 de decembro de 2004. Dado que o mantemento e conservación do sinal correspondíalle ó Concello, o dano pode vincularse o funcionamento do servizo público municipal e esta Administración deberá responder do mesmo, xa que a prexudicada non ten o deber xurídico de soportallo.

No tocante á cuantificación dos danos, aínda que o informe de Parque Móbil recoñeza como correctos os prezos contidos na factura nº 04/000020 de Talleres Maan, esta Administración non pode admitir a totalidade da cantidade reclamada. Dito informe só certifica que esas cantidades se corresponden coas reparacións efectuadas no vehículo, pero non que as reparacións se correspondan con danos relacionados co funcionamento dun servizo público. No Parte de Servizo da Policía Local de 1 de novembro de 2003 só se recollen danos no capot, aleta dereita, piloto do intermitente e espello retrovisor. E por eses danos, que son os únicos dos que hai constancia da súa relación co incidente, será polos que se vai indemnizar. En consecuencia procédese a descontar as cuantías correspondentes ós conceptos que aparecen na factura que non se corresponden con eses danos. Polo tanto, a cantidade a indemnizar sería de 762,26 euros, que partindo das tarifas recollidas na factura achegada pola reclamante, se desglosa como segue:

PEZAS MECANICA/CHAPA

	Unidades	Prezo	Total
Faro dianteiro dereito	1	79,22	79,22
Piloto intermitente dereito	1	20,13	20,13
Capot dianteiro	1	181,68	181,68
Aleta dianteira dereita	1	68,89	68,89
		Subtotal	349,92

<i>MAN DE OBRA</i>			
<i>Substitución capot dianteiro</i>	0,9	26,00	23,40
<i>Substitución aleta dianteira dereita</i>	1,3	26,00	33,80
<i>Desmontar e montar retrovisor ext. dereito.</i>	0,3	26,00	7,80
		<i>Subtotal</i>	65,00
<i>PINTURA</i>			
<i>Pintura de aleta dianteira</i>	2,5	26,00	65,00
<i>Pintura capot dianteiro</i>	4,2	26,00	109,20
<i>Materiais de pintura</i>	1	68,00	68,00
		<i>Subtotal</i>	242,20
		<i>Total Bruto</i>	657,12
		<i>IVA16%</i>	105,139
		TOTAL (EUROS)	762,26

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona Cristina Amoedo Hermida, e indemnizala parcialmente na cuantía de 762,26 euros, ó descontar da factura achegada a reparación dos elementos que non constan como danadas no Parte da Policía Local”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1330).- RECLAMACIÓN DE D^a CRISTINA PRIEGO MORGADAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 710/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, de 25.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Cristina Priego Morgadas presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de agosto de 2005, no que expón que o día 10 de xullo de 2005, mentres camiñaba pola rúa Venezuela, á altura do número 25, sufriu unha caída ó introducir a perna esquerda nunha focha existente na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do sevizo da Policía Local, con data 14/07/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Priego relátalles o accidente que tivera na madrugada do 10/07, ó introducir o pé nun sumidoiro que hai xunto á beirarrúa; igualmente comprobán que o dito sumidoiro non conta cunha reixa de protección.*

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 02/09/2005, sobre o estado da beirarrúa onde se produciu o accidente, indicando que non hai desperfectos senón unha boca dun sumidoiro.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 907,41 euros.
- Práctica de proba testifical, con data 30/11/2005, a unha das testemuñas propostas pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Priego.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 28/02/2006.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 20/12/2005, limitándose a amosar a súa disconformidade coa valoración dos danos feita pola asesoría médica do Concello.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Da proba testifical practicada resulta que os danos foron debidos a que “el agujero de la arqueta sale para fuera y al bajar del coche metió el pie allí y por tanto asfaltado el agujero es muy profundo”. No parte de servizo da Policía Local de data 14/07/2005 dise que no lugar do accidente “se observa dicho desagüe sin ningún tipo de rejilla” e faise a observación de que sería conveniente pór algún tipo de reixa para evitar incidentes posteriores. Parece evidente, pois, a relación de causalidade entre o dano producido e a causa do mesmo: deficiencia na prestación do servizo de mantemento de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, servizo da que é concesionaria a U.T.E Aqualia-FCC.

En canto ós danos reclamados (2.000 euros), descoñécese en base a que criterios e conceptos cuantifícase tal como alega Aqualia, polo que ha de estimarse como correcta a valoración feita pola asesoría médico do Concello (907,41 euros), sobre a que Aqualia non formula ningunha alegación.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha tapa de rexistro defectuosa, tal e como manifesta a testemuña presencial dos feitos.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Cristina Priego Morgadas.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 907,41, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1331).- RECLAMACIÓN DE Dª. VERÓNICA VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 424/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, de 25.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Iván Vázquez Dolmínguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial a nome de Dna. Verónica Vázquez Domínguez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 02 de decembro de 2004, no que expón que o día 10 de agosto de 2004, D. Ricardo Francisco Rodríguez circulaba co vehículo propiedade da Sra. Vázquez, matrícula 2228-BBS, pola rúa Pizarro na confluencia coa praza Isabel la Católica, e

tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha orixinada por unhas obras que executaba a empresa Construcciones Dios para a concesionaria Aqualia, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 10/08/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Francisco relátalles o accidente que tivera co vehículo da Sra. Vázquez; igualmente comprobán as dimensións da focha (largo de 50 centímetros e profundidade de 35 centímetros), os danos nos baixos do vehículo e sinalizan a focha para evitar máis accidentes.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 14/01/2005, manifestando que a sinalización das obras realizadas por Construcciones Dios para Aqualia era incorrecta.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 09/02/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Condor, presentado polo reclamante, por un valor de 586,76 euros son correctos e proporcionais á descrición dos danos.
- Evacúase trámite de audiencia á empresa concesionaria do servizo de abastecemento, U.T.E. Aqualia-FCC, que formula alegacións en data 07/06/2005.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 15/03/2005, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Dos datos obrantes no expediente (parte do servizo da Policía local de 10/08/2004 e do informe do servizo de Vías e Obras de 14/01/2005) resulta que os danos no vehículo foron debidos a unha focha orixinada por unhas obras que se ben as realizaba Construcciones Dios, éranos para a U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de mantemento e saneamento de augas do Concello de Vigo.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou

en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha tapa de rexistro defectuosa, tal e como manifesta a testemuña presencial dos feitos.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Verónica Vázquez Domínguez.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 586,76 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1332).- RECLAMACIÓN DE MAPFRE SEGUROS E D. RUBEN HERMIDA PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 458/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, de 20.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Jesús Valencia Ulloa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial a nome de Mapfre Seguros e de D. Rubén Hermida Pérez, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 14 de xaneiro de 2005, no que expón que o día 17 de febreiro de 2004, o Sr. Hermida circulaba co vehículo de súa

propiedade, matrícula 8657-BBR, pola rúa Arquitecto Gómez Román á altura do número 57, e tivo un accidente ó introducir o vehículo nunha focha, producíndose danos materiais ó mencionado vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, con data 08/02/2005, no que indican non teren constancia dos feitos mencionados.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 22/03/2005, manifestando que no lugar de referencia non existía ningunha anomalía.
- Informe do servizo de Parque Móbil, 27/04/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº G0007716 de Tecvisa, presentada polos reclamantes, por un valor de 1.975,32 euros son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia ós reclamantes, que formulan alegacións con datas 31/05 e 22/07/2005.
- Parte do servizo da Policía Local, con data 18/02/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Hermida relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán os danos no vehículo accidentado e as dimensións da focha na calzada (0,40 centímetros de diámetro e 0,15 centímetros de altura).

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Na presente reclamación, concorren estes requisitos, xa que no parte do servizo da Policía Local de data 18/02/2004, describíense os danos ocasionados e a existencia dunha focha, causa máis que probábel do accidente, que tiña que estar arranxada por esta Administración municipal. En canto á contía dos danos reclamados (1.975,32 euros), o servizo do Parque Móbil no seu informe de 27/04/2005 estímaa como correcta.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación presentada por Dna. María Jesús Valencia Ulloa, en nome e representación de D. Rubén Hermida Pérez e de Mapfre Mutualidad de Seguros y Reaseguros a prima fija (G-28010619), indemnizándolles na contía de 1.975,32 euros, importe dos danos ocasionados no vehículo 8657-BBR, no accidente ocorrido o 18 de febreiro de 2004 na rúa Arquitecto Gómez Román, número 57, dos que corresponden:

- 600 euros ó Sr. Hermida Pérez;

- 1.375,32 euros a Mapfre Mutualidad de Seguros y Reaseguros a prima fija”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1333).- RECLAMACIÓN DE MAPFRE E D^a. LUCÍA ALVAREZ ABALDE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 699/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 18.09.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Eugenia Velasco Pazos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da aseguradora Mapfre e de Dna. Lucía Álvarez Abalde, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de xullo de 2005, no que expón que o día 10 de outubro de 2004 o vehículo de propiedade da Sra. Álvarez, con matrícula M-8435-NX e asegurado coa cobertura de cristais por Mapfre, estando estacionado no estacionamento do Parque de Castrelos, sufriu diversos danos materiais por culpa da caída dunha póla sobre o mesmo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 10/10/2004, no que os axentes actuantes informan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán que a árbore caída causara danos en diversos vehículos, entre eles o da Sra. Álvarez (lateral dereito, teito, capó, rotura de espello).*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de 28/11/2005, no que manifestan que a árbore de referencia era de titularidade municipal e fora derrubada como consecuencia dos fortes ventos existentes no día do accidente.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 30/11/2005, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Mapfre Mutualidad de Seguros, por valores de 1.038,06 e 287,09 euros son correctos e proporcionais.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 22/12/2005.*
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 06/09/2006, indicando que o mantemento e conservación da árbore causante dos danos corresponde a este servizo.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de parques e xardíns (artigos 25.2.d e 26.1da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). A Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen.

Do exame do Parte da Policía Local de Vigo de data 10 de outubro de 2004 recollido no expediente dedúcese que a causa eficiente dos danos sufridos polo vehículo de dona Lucía Álvarez Abalde foi a caída dunha árbore situada na Estrada de Pazo encima do mesmo. Os policías locais foran reclamados para levantar atestado doutra árbore caída no estacionamento do museo, cando, estando presentes eles e os bombeiros que cortaban as pólas da primeira árbore, caeu unha segunda sobre o vehículo de dona Lucía Álvarez Abalde. Dado que o mantemento e conservación da mesma correspondíalle ó Concello, segundo declara o informe de Montes, Parques e Xardíns, o dano pode vincularse ó funcionamento do servizo público municipal e esta Administración deberá responder do mesmo. En consecuencia, existe un nexo causal claro entre os danos sufridos, que o reclamante non ten o deber xurídico de soportar, e o funcionamento normal ou anormal da Administración, polo que procede estimar a reclamación interposta.

En canto á lexitimación activa a de dona Lucía Álvarez, na súa calidade de prexudicada como propietaria do vehículo na data do sinistro, non presenta dúbidas. En canto á compañía aseguradora Mapfre, si pódense presentar dúbidas. A compañía non resultou directamente prexudicada polo incidente, senón que en virtude do contrato de seguro que a vinculaba coa Sra. Álvarez fíxose cargo da reparación dos danos sufridos no parabrisas. Pero estas dúbidas quedan resoltas pola xurisprudencia que lles concede lexitimación ás aseguradoras nestes casos. Así a sentenza de 11 de novembro de 1985 do Tribunal Supremo: "Que, por lo que a ésta respecta, la pretensión extrapenal resulta legitimada por la subrogación que se opera en el asegurador contra el riesgo de incendio por el artículo 413 del Código de Comercio, por el hecho de haber satisfecho al asegurado la correspondiente indemnización, para ejercitar derechos y acciones contra todos los autores o responsables del incendio 'por cualquier carácter y título que sea', amplitud e incondicionalidad ésta que, como en los supuestos de las Sentencias de 23 de abril de 1977 y 4 de junio de 1979, legitima a tales aseguradores subrogados para enfrentar a la Administración las reclamaciones que procedan, y, entre ellas, la que tienda a hacer efectiva la responsabilidad patrimonial de la Administración que ampara, con idéntico criterio amplio, el artículo 40 de la Ley de Régimen Jurídico de la del Estado y posteriormente el número 2 del artículo 106 de la atribuyendo el derecho a ser indemnizado a cualquier particular que sufra una lesión que sea consecuencia del funcionamiento de los servicios públicos".

En canto á cuantificación dos danos sufridos mostrámonos dacordo cos dous informes periciais emitidos pola compañía aseguradora Mapfre con data de 11 de novembro de 2004, co presuposto de reparación da carrocería de Talleres Cabaleiro y Vazquez de xaneiro de 2005 e coa factura de reparación do parabrisas emitida por Cabalcar SL el 9 de decembro de 2004. Tanto a cuantía de 1.038,06 euros presupostada para a reparación da carrocería, como a de 287 ,09 euros desembolsada pola reparación do parabrisas, foron dadas por correctas por Parque Móvil no seu informe de data 30 de novembro de 2005.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Eugenia Velasco Pazos e da compañía aseguradora Mapfre, e indemnizar:

1. A dona Lucía Álvavez Abalde na contía de 1.038,06 euros, correspondente ó valor dos danos sufridos no seu vehículo e non indemnizados por Mapfre.
2. Á compañía aseguradora Mapfre na contía de 287,09 euros, correspondente ó valor dos danos sufridos no vehículo de dona Lucía Álvavez Abalde reparados ó seu cargo.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1334).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARCELINA RODRÍGUEZ MARINO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 416/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 20.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Marcelina Rodríguez Marino presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de novembro de 2004, no que expón que o día 12 de setembro de 2004, circulando co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-1960-BN, na intersección das rúas Ronda de Don Bosco e Velázquez Moreno, tivo un accidente ó golpear contra una columna de pedra que invadía a calzada, producíndose danos materiais nunha roda, valorados en 51,04 euros.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, con data 12/11/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, comprobán a existencia dos danos no vehículo da Sra. Rodríguez, engadindo que “una de las piedras que separaba la zona de tránsito de peatones de la de paso de vehículos en su margen derecho se encontraba desprendida de su ubicación original, posiblemente como consecuencia del impacto con la rueda del vehículo había sido totalmente arrancada”.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 22/12/2004, manifestando que as columnas de pedra serven para separar as zonas de circulación de vehículos e de peóns, sendo visíbeis e evitábeis gardando a dilixencia debida.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, 10/01/2005, manifestando que os prezos contidos na factura nº 1478 de Servigo, presentada pola reclamante, por un valor de 51,04 euros IVE engadido, son correctos e proporcionais á descrición dos danos.*
- *Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, en data 25/01/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Na presente reclamación non se acredita que os danos ocasionados no vehículo fosen consecuencia dun funcionamento anormal dun servizo público municipal, senón máis ben do impacto da roda ó arrancar a pedra que separaba a zona de circulación de vehículos da de peóns.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación presentada por Dna. María Marcelina Rodríguez Marino, solicitando a indemnización (51,04 euros) polos danos ocasionados no seu vehículo matrícula PO-1960-BN o día 25 de novembro de 2004, na intersección das rúas Ronda de Don Bosco e Velázquez Moreno, ó non ser imputábeis a un mal funcionamento do servizo público”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1335).- ALEGACIONES PRESENTADAS POR CLEAR CHANEL ESPAÑA S.L. AO PREGO DE CONDICIONES PARA A INSTALACIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PUBLICITARIA EN SOLO PÚBLICO DE MARQUESINAS PARA PARADAS DE AUTOBUS, SOPORTES DE INFORMACIÓN E DEMAIS ELEMENTOS URBANOS DE INTERESE. EXPTE. 72280/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 28.09.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

Clear Chanel España, S.L. presentou o día 19-09-2006 (nº de documento 60097447) escrito polo que solicita deste concello que declare a nulidade das cláusulas xurídico administrativas e condicións técnicas que rexen o concurso para a contratación da instalación, conservación, e explotación publicitaria en solo público do concello de Vigo de marquesiñas para paradas de autobús, soportes de información e demais elementos urbanos de interese, que suspenda a convocatoria anunciada para a celebración do concurso e ordene unha nova redacción do Prego de Condicións Xurídico Administrativas.

Basea a súa solicitude na existencia dos seguintes vicios no procedemento:

1º.- Os pregos de condicións non constan asinados.

2º.- Os pregos de condicións técnicas e xurídico administrativa están incompletos.

3º.- Garantías provisionais e definitivas segundo o alegante superan o 2% e 4% do prezo do contrato.

4º.- Inconstitucionalidade do artigo 13 do do prego de condicións Xurídico Administrativas.

5º Errónea calificación xurídica do contrato que tería que calificarse como de xestión de Obra Pública.

Respecto do primeiro dos vicios alegados, o interesado manifesta que os pregos que lle foron entregados na Oficina de Información do concello de Vigo carecen de firma nin manuscrita , nin estampillada ou impresa , esta situación sérvelle de base para para concluír que sen a firma o prego de condicións non existe e polo tanto se produce o suposto de “acto inexistente” e que o inexistente non pode ser subsanado, nin convalidado.

Entendemos que a pretensión do interesado debe ser rexeitada xa que no expediente consta a existencia do acto administrativo (certificación emitida pola Concelleira Secretaria da Xunta de Goberno do concello no que consta que os pregos foron aprobados na sesión de dito órgano por acordo celebrada o día 14-09-2006) e constan os pregos asinados polos redactores dos mesmos así como selo da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Por último é necesario aclarar que unha vez aprobado o expediente e co fin de que a documentación estivera a disposición dos interesados o máis rapidamente posible, enviáronse a Información Xeral copias dos Pregos de condicións Técnicas que estaban sen asinar por habelas obtido do sistema informático do concello. En todo caso non consta que ata o momento que nin o alegante nin ningún outro interesado solicitara unha copia selada e asinada dos pregos.

Do segundo dos vicios do expediente sobre o incompleto do anexo nº 3, entendemos que tamén debe ser rexeitado, xa que aínda que inicialmente na documentación que se entregou as empresas faltaban por un erro no seu fotocopiado dúas follas unha coa relación de 45 soportes tipo Mupi e outra coa relación das marquesiñas de Vitrasa, e na relación de marquesiñas non constaba por saír fora da zona de fotocopiado a relacionada en primeiro lugar da segunda folla (Avenida de Madrid nº 26, dirección Porriño) si que unha vez solicitado por Clear Chanel España, S.L. mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do concello o día 14-09-2006 foille entregado a D. José Ramón Camiña López o día 20-09-2006 (e polo tanto dentro do prazo de 6 días sinalado no artigo 78.1 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas) a fotocopia completa do citado anexo nº III.

En canto a columna publicitaria que sobra na relación é por que esta foi retirada e a referencia das tres marquesiñas da AA.VV de Valadares incluíronse na relación como información adicional.

Na terceira das alegacións efectuadas os pregos de condicións o interesado manifesta que as garantías provisionais e definitivas (200.000 e 400.000 euros) superan o límite do 2% e 4% por cento do prezo do contrato, entendendo que este sería de 45.000 euros (cantidade resultante de multiplicar o canon anual previsto 30 euros pola superficie publicitaria máxima a explotar 1500 m2)

A regulación das garantías provisionais e definitivas atopase entre outros nos artigos 35 e 36 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións

Públicas, nestes artigos se establece respecto das garantías provisionais que para o suposto que non se fixara presuposto do contrato (como é o caso) a garantía se determinará estimativamente.

Para a estimación de estas garantías tívose en conta o custe total do contrato para os vinte anos de duración do mesmo (non só un como fai o alegante no seu escrito), e polo tanto se incluíron tódolos custes que influen no contrato durante este período, a fabricación do mobiliario, a instalación, o mantemento, a explotación publicitaria, os gastos financeiros, os impostos que o gravan e tamén o canon a aboar o concello. Polo tanto os cálculos feitos polo alegante para o calculo das garantías corresponden unicamente a un só dos custes do contrato e só polo período dun ano.

O alegante recoñece no seu mesmo escrito (paragrafo terceiro da folla 10) que o peso efectivo da valoración do canon respecto do conxunto dos elementos que ten que definir o futuro concesionario e inferior a un 15%.

Vistas estas circunstancias entendemos que tamén deben ser desestimada esta terceira causa de impugnación.

Como cuarta causa de impugnación o escrito de Clear Chanel España, S.L. sinala a inconstitucionalidade do artigo 13 do prego de cláusulas Xurídica Administrativas no que se establece a aceptación incondicionada do licitador ás cláusulas deste prego e o de prescricións técnicas, xa que, segundo interpretan, prohíbe expresamente ó licitador concorrente que exercite o principio de “tutela xudicial efectiva dos xuíces e tribunais” no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos de acordo co artigo 24.1 da Constitución Española.

Entendemos que se debe desestimar tamén esta pretensión xa que en modo algún o citado artigo do prego de condicións prohíbe o exercicio do principio da tutela xudicial efectiva dos xuíces e tribunais tal e como interpreta o interesado, xa que este poderá en todo caso impugnar o contido dos pregos ante a xurisdicción contencioso administrativa se así o considera.

En todo caso dito artigo recolle e incorpora o prego de condicións unha previsión do artigo 79-1º do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que literalmente di o seguinte:

“Artículo 79. Propositiones de los interesados.

1. Las proposiciones serán secretas y se arbitrarán los medios que garanticen tal carácter hasta el momento de la licitación pública. Se sujetarán al modelo que se establezca en el pliego de cláusulas administrativas particulares. Su presentación presume la aceptación incondicionada por el empresario del contenido de la totalidad de dichas cláusulas sin salvedad alguna.”

A última das alegacións presentadas entende que a calificación xurídica do contrato é a de concesión de obra pública e polo tanto tanto tería que recollese o dereito do concesionario o mantemento do equilibrio económico financeiro do contrato.

En este caso non nos atopamos ante un contrato de concesión de obra pública xa que no obxecto do contrato non se prevee mais execución de obra que as de instalación do mobiliario urbano na rúa que supón unha pequena porcentaxe dos custos do contrato, sendo máis relevantes dende o punto de vista económico os custos de fabricación, limpeza e mantemento do mobiliario. Polo tanto as prestacións do contrato no seu conxunto non corresponden coa construción ou explotación de obras, nin das relacionadas no artigo 120 do Texto refundido da

Lei de Contratos das Administracións Públicas nin de outras que sendo susceptibles de explotación, sexan necesarias para a prestación de servizos públicos de natureza económica ou para o desenvolvemento de actividades ou servizos económicos de interese xeral .

Polo tanto non se pode considerar este contrato como de xestión de obra pública por que nel non se dan os requisitos que esixe o artigo 220 do Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, como consecuencia disto non lle son de aplicación polo tanto os preceptos do artigo 242 epígrafe b) de dita Lei (dereito do concesionario o mantemento do equilibrio económico financeiro), pois é de aplicación única e exclusivamente ó contrato de concesión de obra pública .

A vista das anteriores consideracións propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Rexeitar as alegacións presentadas por Clear Chanel España, S.L. ó expediente do concurso para a contratación da instalación, conservación, e explotación publicitaria en solo público do concello de Vigo de marquesiñas para paradas de autobús, soportes de información e demais elementos urbanos de interese (expte 72280-210) polas causas expostas na parte expositiva de este informe e continuar coa tramitación de dito expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Rexeitar as alegacións presentadas por Clear Chanel España, S.L. ó expediente do concurso para a contratación da instalación, conservación, e explotación publicitaria en solo público do concello de Vigo de marquesiñas para paradas de autobús, soportes de información e demais elementos urbanos de interese (expte 72280-210) polas causas expostas na parte expositiva de este informe e continuar coa tramitación de dito expediente.

30(1336).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA MONITORAXE E CESTERÍA DE VIMBIO DENTRO DO PROGRAMA FORMATIVO DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 3497/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 7.09.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005 aprobou a contratación de D. Antonio Suárez Davila (NIF 35.916.834-B) para a actividade docente (monitoraxe) de cestería de vimbio dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro por un importe de 12.395,86 euros anuais, con cargo á partida 4531.227.06.01, que se fará efectiva en pagamentos mensuais de 1.032,99 euros cada un, e no segundo ano se lle aplicará o correspondente incremento do IPC, ademais sinalase que “a duración dos traballos será de dous anos dende a sinatura do contrato prorrogable por outros dous, por vontade de ámbalas dúas partes de forma expresa”.

A sinatura do contrato tivo lugar o 27 de xullo de 2005, polo que o período de cálculo do IPC é xullo 2005 – xullo 2006, e segundo os datos do INE que se adxuntan, ó aumento é do 4%.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local:

Autorizar disposición de crédito por importe de 495,83 euros na partida 4531.227.06.01 (ou bolsa de vinculación), en concepto de revisión de prezos do contrato de D. Antonio Suárez Davila como monitor de cestería de vimbio, acordado na Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005, con cargo á que se pagarán o incremento do IPC no período xullo 2005 – xullo 2006, para facturación agosto 2006 – xullo 2007.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Autorizar disposición de crédito por importe de 495,83 euros na partida 4531.227.06.01 (ou bolsa de vinculación), en concepto de revisión de prezos do contrato de D. Antonio Suárez Davila como monitor de cestería de vimbio, acordado na Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005, con cargo á que se pagarán o incremento do IPC no período xullo 2005 – xullo 2006, para facturación agosto 2006 – xullo 2007.

31(1337).- SOLICITUDE DE PERMUTA ENTRE FUNCIONARIO DO CONCELLO DE VIGO E FUNCIONARIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO”. EXPTE. 16684/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 26.09.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En data 21/06/2006 (documento nº 60068874) os funcionarios D. Oscar Couce Senra, con DNI 32.677.831 e nº de persoal 79.389, auxiliar de administración xeral adscrito ao Servizo de Benestar Social, e Dª Carmen Cotilla Iglesias, con DNI 44.453.743-X, funcionaria propia do Organismo Autónomo Municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo”, auxiliar de administración xeral, con nº de persoal do devandito organismo 1.023, presentan solicitude de permuta entre os seus respectivos postos de traballo.

2. Remitidas as peticións tanto á Xefatura da Área de Benestar Social como ao Xerente de Urbanismo, foron emitidos informes favorables á permuta en datas 31/07/2006 e 28/06/2006.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A figura xurídica da permuta vén regulada no artigo 62 do Decreto 315/1964, de 7 de febreiro, da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, vixente en todo o que no se opoña á normativa posterior en materia de Función Pública, e que resulta de aplicación supletoria ao personal ó servizo das entidades locais, onde se sinala que poderanse autorizar excepcionalmente permutas de destinos entre funcionarios en activo, sempre que concurran as seguintes circunstancias:

- Que os postos de traballo aos que estén adscritos os funcionarios solicitantes sexan de igual natureza e corresponda idéntica forma de provisión dos mesmos. A este respecto, a doutrina especializada (MARTÍN*

REBOLLO, L.) sinala que o requisito da igual natureza dos postos de traballo haberá de ser definida pola Relación de Postos de Traballo (RPT) de cada unha das Administracións de orixe dos interesados na permuta. Os postos de traballo ocupados polos funcionarios solicitantes se corresponden coa categoría de auxiliar de administración xeral, encadrados na escala de administración xeral, dentro do grupo D de titulación.

- Que os funcionarios que pretenden a permuta contén respectivamente cun número de anos de servizo que non difira entre si máis de 5; requisito que se cumpre dado que o funcionario D. Óscar Couce Senra tomou posesión como funcionario do Concello de Vigo en data 02/01/2004 -como así consta na acta de toma de posesión obrante no seu expediente persoal- e D^a Carmen Cotilla Iglesias en data 31/10/2002, como consta na acta de toma de posesión da mesma e en certificación asinada polo Xerente de Urbanismo en data 25/09/2006, documentos incorporados ao presente expediente administrativo.
- Que se emita informe previo dos xefes/as dos solicitantes, constando sendos informes en senso favorable, como se recolle nos antecedentes.

No prazo de 10 anos a partir da concesión dunha permuta non poderá autorizarse outra a calquera dos interesados; asemade, non poderá autorizarse permuta entre funcionarios cando a algún deles lle falten menos de 10 anos para cumprir a idade de xubilación forzosa. Serán anuladas as permutas si nos dous anos seguintes á data na que teñan lugar se produza a xubilación voluntaria dalgún dos permutantes.

II. Vistas as atribucións que ostenta a Xunta de Goberno Local en materia de persoal e provisión de postos de traballo, recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, sométese ao criterio do devandito órgano a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Autorizar a permuta solicitada en escrito data 21/06/2006 (documento nº 60068874) polos funcionarios D. Oscar Couce Senra, con DNI 32.677.831 e nº de persoal 79.389, auxiliar de administración xeral adscrito ao Servizo de Benestar Social, e D^a Carmen Cotilla Iglesias, con DNI 44.453.743-X, funcionaria propia do Organismo Autónomo Municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo”, auxiliar de administración xeral, con nº de persoal do devandito organismo 1.023, de conformidade cos informes favorables emitidos polo Xefe da Área de Benestar Social en data 28/06/2006 e polo Xerente de Urbanismo o 31/07/2006, tendo a mesma efectos económicos e administrativos do próximo 1 de outubro do 2006.

Segundo.- Notifíquese o presente aos interesados/as, Intervención Xeral, Tesoureiro Municipal, Réxime Interior, Organización e Métodos, Xerente de Urbanismo e xefes/as das Áreas e Servizos correspondentes, dando conta asemade ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo aos efectos oportunos.

Terceiro.- Solicitar da Xerencia Municipal de Urbanismo a expedición de copia completa e autenticada do expediente persoal da funcionaria D^a Carmen Cotilla Iglesias, dispoñendo asemade a remisión de copia do expediente persoal do funcionario D. Óscar Couce Senra ao devandito organismo autónomo.

Cuarto.- Informar aos funcionarios permutantes que, de conformidade co disposto no artigo artigo 62 do Decreto 315/1964, de 7 de febreiro, da Lei de Funcionarios Cívís do Estado, no prazo de 10 anos a partir da concesión da presente permuta non poderá autorizarse outra a calquera dos interesados.

Quinto.-Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo

perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1338).- SOLICITUDE DA CAJA DE AHORROS DEL MEDITERRANEO DE AUTORIZACIÓN PARA ACTUAR COMO ENTIDADE COLABORADORA NA RECADACIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS. EXPTE. 6952/540.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe emitido polo Sr. tesoureiro municipal de data 15.09.06 referente á solicitude da entidade de depósito CAM, Caja de Ahorros del Mediterráneo, para colaborar en materia de recadación con esta Administración municipal, e de acordo coa proposta concelleiro de Xestión, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á entidade de crédito CAM, Caja de Ahorros del Mediterráneo, CIF G03046562, para a prestación do servizo de colaboración na recadación dos ingresos municipais, con arranxo ó disposto nos artigos 17 a 19 do Regulamento xeral de recadación así como nas “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de ingresos de cobro periódico e notificación colectiva” aprobadas pola Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día 28 de agosto do ano 2000, e demais disposicións concordantes e aplicables.

2º.-Aprobar o proxecto de convenio de colaboración para a recadación dos ingresos municipais que de seguido se transcribe, a subscribir entre a Excm. Sra. Alcaldesa do Concello de Vigo e o representante da citada entidade de depósito.

CONVENIO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DE DEPÓSITO _____ EN MATERIA DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADADORA MUNICIPAL

En Vigo, a __ de _____ de dous mil seis,

COMPARECEN

Dunha parte, D^a María Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, e da outra

Don _____ en representación da Entidade de depósito _____,

MANIFESTAN

A. Que de conformidade co establecido no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, corresponde ó Concello de Vigo a recadación das débedas cuxa xestión teña atribuída, e se leva a cabo

polo propio Ente Local, isto é, sen mediar delegación ou fórmula de colaboración algunha con Entidade territorial a cuxa demarcación pertenza.

B. Que o artigo 9 do citado texto Regulamentario dispón que poderán actuar como entidades colaboradoras na recadación as entidades de crédito autorizadas, cos requisitos e co contido a que se refire o artigo 17. Os artigos 17, 18 e 19 da precitada norma regulamentaria regulan o procedemento de ingreso a través de entidades colaboradoras na recadación.

Pola súa parte, a Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día 28 de agosto do ano 2000 prestou a súa aprobación ás “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de ingresos de cobro periódico e notificación colectiva”, constituíndo estas normas o marco regulador da actividade de colaboración polas entidades de depósito en materia de recadación de ingresos municipais.

C. A Entidade _____, representada por D/D^a. _____, con poder bastante outorgado o día ____ de _____ de _____ ante o notario D/D^a. _____, notario do Ilustre Colexio de _____, ostenta capacidade suficiente para subscribir o presente Convenio de colaboración, e declara expresamente estar en disposición de presta-lo servizo de colaboración nas condicións establecidas en cada caso pola normativa vixente.

D. Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión que tivo lugar o día _____, adoptou o acordo de autorizar á entidade _____ para presta-lo servizo de colaboración na xestión recadadora municipal.

Ambas partes comparecentes se recoñecen mutuamente competencia e capacidade para concerta-lo presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

1º.- O Excmo. Concello de Vigo e a Entidade _____ conveñen a prestación, por parte da citada entidade de depósito, do servizo de colaboración na recadación municipal dos ingresos cuxa xestión ten atribuída, con arranxo ó disposto nos artigos 17 a 19 do Regulamento Xeral de Recadación, así como nas “Normas reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de ingresos de cobro periódico e notificación colectiva” aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión celebrada o 28 de agosto do ano 2000, normas que a citada entidade de depósito manifesta coñecer, así como adherirse ó contido das mesmas.

A prestación do servizo de colaboración en ningún caso será retribuída.

2º.- Os períodos de recadación serán establecidos polo Concello para cada tributo o concepto, e a data límite de aceptación de ingreso por _____ se fará constar no propio documento de cobro, ou ben se comunicará á entidade colaboradora con antelación suficiente á data de inicio do período de recadación correspondente.

_____ admitirá dichos ingresos tódolos días que sexan laborables para a entidade durante o horario de caixa, abonándoos seguidamente na correspondente conta restrinxida.

3º.- En ningún caso poderá admitirse por _____, no desenrolo da xestión recadadora, algunha das seguintes operacións:

A) Os ingresos que se pretendan realizar carecendo do documento cobratorio orixinal expedido para tal fin ou, no seu caso, duplicado expedido polos Servicios municipais correspondentes.

B) Os ingresos que, aínda presentando o documento cobratorio establecido, pretendan efectuarse unha vez finalizada a data límite de aceptación de ingreso pola entidade colaboradora.

C) Os ingresos para cuxo cobro non estén autorizados mediante inclusión expresa no documento de cobro do nome da Entidade Colaboradora.

4º.- Os datos sobre débedas tributarias e demais de toda índole que se deriven da aplicación do presente Convenio, non suporán, en ningún caso, cesión de datos persoais á entidade financeira, en cuanto cos mesmos non se incorporarán ós ficheiros de _____, senón que terán como exclusiva finalidade o seu tratamento automatizado ó obxecto de recadar ou, no seu caso, adebedar, os documentos liquidatorios.

5º.- Na súa calidade de entidade colaboradora, _____ abonará o produto dos ingresos resultantes da recadación diaria na c/c restrinxida aberta a nome da Corporación na propia Entidade de depósito coa denominación “Concello de Vigo. Conta restrinxida de recadación”.

A conta restrinxida será unha conta corrente sen retribución e sen acreditación de ningunha comisión, na que só se poden efectuar anotacións en concepto de abonos e unha única anotación de cargo quincenal para proceder a ingresar o saldo na conta asignada. Non obstante, se poderán efectuar outras anotacións de rectificación debidamente xustificadas, previa autorización da Tesourería municipal.

6º.- A entidade colaboradora admitirá, en todo caso, o diñeiro de curso legal como medio de pago. Así mesmo, poderá aceptar calquera outro medio de pago habitual no tráfico bancario, se ben a admisión de estes medios queda a discreción e resgo da entidade.

Calquera que fose o medio de pago utilizado, en ningún caso correrán por conta do Concello de Vigo os gastos que puideran xerarse pola utilización de medios diferentes ó diñeiro de curso legal. Como consecuencia de ditos gastos non poderán minorarse en ningún caso os importes ingresados.

Comprobada a coincidencia exacta do importe ingresado co que ten que figurar no “total a ingresar” do documento cobratorio, a Entidade procederá a estender no documento destinado ó efecto certificación mecánica por medio de impresión de máquina contable ou manual mediante selo da Entidade, que haberá de expresar, como mínimo: Data de ingreso, total ingresado, concepto, clave da entidade e da oficina receptora, así como que o ingreso se efectuou na correspondente conta restrinxida.

O abono na conta restrinxida do Concello deberá efectuarse na mesma data na que se produza o ingreso na Entidade.

7º.- Quincenalmente, o sétimo dos días hábiles posteriores ós días 5 y 20 de cada mes, ou inmediato hábil posterior se estes foran festivos, se procederá a traspasa-los saldos resultantes da recadación efectuada na quincena inmediatamente anterior existente na conta restrinxida á conta designada polo Concello de Vigo.

Efectuado o ingreso, dentro dos cinco días hábiles seguintes á data do traspaso, se facilitará un ficheiro informático co detalle individualizado de tódolos tributos ou gravames recadados no que se especificarán, como mínimo, data de cobro, importe, identificación do concepto e referencia do recibo ou liquidación ingresados, así como número de recibos e importe total do recadado en cada quincena.

O procedemento, así como a información, mediante soporte magnético, relativa ós cobros efectuados, se axustará ás especificacións do Caderno 60 do Consello Superior Bancario (Recadación de tributos e outros ingresos municipais). En todo caso, a Entidade financeira se compromete a entregar a documentación citada, compatible co equipo informático que indique o Concello de Vigo.

Os efectos previstos no parágrafo primeiro de este punto (traspaso ou barrido automático de conta restrinxida a conta operativa), poderán establecerse períodos temporais de duración inferior á quincena en cuxo caso estableceranse os mecanismos de intercomunicación precisos para garanti-lo intercambio de información con tal periodicidade. Así mesmo, poderán establecerse períodos de comunicación da información inferiores ós períodos de liquidación.

Cando a información contida nos documentos de cobro non sexa susceptible de ser incorporada a un ficheiro informático para o seu tratamento normalizado, por tratarse de documentos non normalizados relativos a liquidacións de ingreso único ou autoliquidacións, o intercambio de información se realizará en soporte papel, debendo remiti-la entidade financeira un exemplar de cada un dos documentos de ingreso correspondentes a esta modalidade de exacción.

8º.- A entidade _____ non repercutirá gasto algún ó Concello de Vigo que puidera derivarse da aplicación do presente Convenio, asumindo directamente a totalidade dos costes do proceso.

9º.- O presente Convenio terá vixencia durante o exercicio 2006, renovándose tacitamente, por períodos de carácter anual, de non mediar denuncia ou modificación por algunha das partes outorgantes cunha antelación mínima de tres meses de antelación o seu vencemento, todo isto sen perxuizo dos supostos de revocación da autorización previstos nas normas que resulten de aplicación.

OUTORGAMENTO

Para a debida constancia de todo o convido, se firma o presente Convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data ó principio mencionados.

33(1339).- ASISTENCIA DA CONCELLERÍA DE TURISMO AS FEIRAS INTERNACIONAIS CONXEMAR E EXPOGALAECIA, QUE SE REALIZARÁN EN VIGO. EXPTE. 1963/104

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os documentos contables RC acreditando a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 4.09.06, conformado polo concelleiro de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia da Concellería de Turismo ás feiras internacionais que terán lugar en Vigo, CONXEMAR, do 3 ó 5 de outubro e EXPOGALAECIA, do 28 de outubro ó 1 de novembro. Así como, o anticipo de participación na BTL 2007 de Lisboa e FITUR 2007 de Madrid.

2º.- Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo ó presuposto prorrogado para o ano 2006, que se derivan da participación de Vigo nos dous evento:

Total custes de participación (espacio, seguro, consumo eléctrico, moqueta...), con cargo á partida 7510 2260600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado ano 2006	8.600 €
Total montaxe e desmontaxe do stand institucional da Concellería de Turismo, con cargo á partida 7510 2260600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado ano 2006	11.600 €
Total informadoras turísticas, con cargo á partida 7510 22 60 600 (reunions e conferencias) do presuposto prorrogado ano 2006	2.000 euros
Anticipos BTL 2007 e FITUR 2007	3.500 euros

3º.- Que os gastos de locomoción e dietas devengados da participación nos devanditos eventos, non quedarán suxeitos ó previsto no Real Decreto 236/88 e que serán sufragados na súa totalidade con cargo ós presupostos municipais, previa acreditación dos mesmos.

4º.- Que en consecuencia, se libre a xustificar a nome de D. Carlos Soto Álvarez, con DNI nº 35.966.988-W a cantidade de 25.700 euros, que deberán ser ingresados na conta habilitada do Departamento de Turismo nº 2080 0000780040246105.

34(1340).- CESIÓN DE PARCELA Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA A UBICACIÓN DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICO DE GALICIA. EXPTE. 4697/401.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.09.06, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 25.09.06, que di o seguinte:

O 23.06.05 o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e do Solo formalizaron un convenio específico de cesión de espazos libres, parte do viario, equipamentos e aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello derivada da execución do sector do plan parcial de Navia. Neste convenio preveíase una parcela destinada a equipamento educativo (parcela E-4, fase III-A) cunha superficie de 35.000 metros cuadrados. A natureza dos equipamentos públicos é necesariamente o de dominio público. A excepción das dúas primeiras fases, a terceira prevista no plan parcial de Navia está pendente de inmatriculación por parte do Instituto Galego da Vivenda e do Solo.

A Consellería de educación e ordenación universitaria, insta ó Concello o 4.11.05 para que se ceda un solar para uso educativo duns 8.500 m².

O 5.12.05 o xefe da oficina de cartografía informa o seguinte: "(...) En relación coa parcela proposta para a ubicación da Escola Superior de Arte Dramático da Comunidade Autónoma Galega, achégaselle planos a escalas 1/1000 e 1/2000, cuia discrición é a seguinte: Propietario: Concello de Vigo; Situación: rúa Poza Cabalo-San Paio de Navia; Uso: Equipamento docente; Superficie: 8500 m²; Lindeiros: N.-Liña de 103,97 metros. Resto de finca matriz; S.-Liña de 120,00 metros. Concello de Vigo, parcela de espazo libre P3; L.- Liña de 72,50 metros. Rúa Poza Cabalo <Navia>; O.- Liña de 48,66 e 28,51 metros. Concello de Vigo. Resto de finca matriz. Esta parcela forma parte doutra de maior cabida e de acordo co convenio de cesión de titularidade de aproveitamento e dtoacións de actuacións (...)".

O 3.02.06 a Secretaría xeral da Consellería de educación e ordenación universitaria, remite oficio co seguinte contido:"(...) En relación coa oferta de terreos realizada por este Concello para a construción da Escola Superior de Arte Dramático, comunícolle que foi informada favorablemente polo Servizo de Supervisión de Proxectos e Xestión Patrimonial. Para levar adiante este obxectivo, é necesaria a subscripción dun convenio de colaboración do que s lle xunta modelo-tipo e anexos (...)".

En data 7.08.06 a arquitecta municipal informa o seguinte: "(...) Se redacta informe co fin de determinar as condicións urbanísticas da parcela E4-1 de titularidade municipal situada no P.P. de San Paio de Navia. Dita parcela resulta da división da parcela orixinal E4 de uso docente. O P.P. de Navia (nºexpte7849/411) foi aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 25 de abril de 2005. No Plan Parcial de Navia, plano nº0.1 ZONIFICACIÓN E USOS PORMENORIZADOS, reflíctense as diferentes parcelas cada unha delas coa correspondente ordenanza de aplicación, a parcela E4-1 sitúase dentro da E-4 DOCENTE. Dito Plan Parcial na parcela E-4, donde se sitúa a parcela E4-1, establece como ordenanza de aplicación a de <ZONAS DE EQUIPAMENTOS DOCENTES> , e no artigo 73.- <Condiciones de la edificación> establece: "Se podrán realizar las edificaciones con las características e instalaciones adecuadas para el uso al que se destinan, estipulada por la normativa sectorial". No P.X.O.U. vixente aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993 o uso de equipamento docente, ao que se pretende adicar a parcela E4-1, pode englobarse dentro da ordenanza 3.3. ZONAS CULTURALS E SOCIAIS correspondente ás zonas nas que se establezan dotacións culturais e sociais de carácter público. <A súa aplicación farase tanto ás zonas que aparecen graficadas nos planos de clasificación como ás non graficadas que resulten destinadas a equipamentos deste tipo nos instrumentos de desenvolvemento do presente Plano Xeral>. As condicións de volume serán as seguintes:

- *As aliñacións e rasantes serán as fixadas polo presente Plano Xeral ou polos seus instrumentos de desenvolvemento.*
- *A disposición da edificación e dos espazos libres virá determinadas polas necesidades específicas dos servizos que deben prestar, así como polas disposicións legais que as afecten segundo a súa finalidade.*
- *As condicións físicas e volumétricas das instalacións axústanse no posible ás xerais da zona en que se atopen imbricadas.*
- *A edificabilidade máxima será de 1,20 m²/m².*
- *A altura máxima será de 5 plantas.*

No P.X.O.M. aprobado inicialmente o 30 de decembro de 2004, e aprobado provisionalmente o 19 de maio de 2006 o uso ao que se destinará a parcela E4-1 pode englobarse, dentro do Uso Dotacional, clase EDUCACIÓN categoría 6ª (art.5.5.1 da Normativa Urbanística); e polo tanto sería de aplicación a ordenanza 13 <ÁREAS E EDIFICACIONES DOTACIONAIS>, coas condicións, entre outras:

- *Fronte mínimo 10 m.*
- *Separación a lindeiros: Un tercio da altura cun mínimo de 4 m. A edificación poderá adosarse a un lindeiro lateral dacordo co art.6.3.13.*

Condicións particulares do Uso Dotacional Educativo: Edificabilidade (art.9.13.17 da normativa urbanística). Dotacional Público:

- *Altura máxima: cinco plantas.*
- *Ocupación de parcela: Sesenta (60) por cento.*
- *Ocupación baixo rasante: Setenta y cinco (75) por cento.*
- *Edificabilidad: 2,50 metros cuadrados de uso construído por cada metro cadrado de parcela (...)"*.

Por acordo de 7.08.06 o Vicepresidente da XMU acordou a apertura dun trámite de información pública e audiencia á Consellería de Educación. Durante ambos trámites non se presentaron alegacións.

En data 11.09.06 o interventor municipal informa o seguinte: "(...) en virtude do disposto polo artigo 110 do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, de bens das Corporacións Locais, infórmase que non existen débedas pendentes de liquidación con cargo ó orzamento municipal (...)".

O 18.09.06 o interventor municipal emite o correspondente informe de fiscalización.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Natureza do ben obxecto da cesión por parte do Instituto Galego da Vivenda e do Solo por aprobación do convenio de 23.06.05 pola Xunta de goberno local.- Dentro da descripción da parcela de equipamento educativo prevista na etapa II da modificación do plan parcial de Navia, preveíase un uso de equipamento específico. Pola súa natureza, os bens de equipamento son bens de dominio público afectos a un uso ou servizo local, tal e como establece o artigo 165 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2.- Grado ou intensidade da ocupación solicitada e título para levar a cabo o seu exercicio.- Segundo o establecido nos artigos 75 e seguintes do real decreto 1372/86, de 13 de xullo, polo que se aproba o regulamento de bens das

Corporacións Locais, a ocupación dunha porción de dominio público de modo que exclúa ou limita a utilización polos demais interesados, está suxeita a correspondente concesión administrativa. Nos mesmos termos se pronuncia os artigos 84 e seguintes da Lei 33/03, de 3 de novembro, polo que se aproba a Lei de do patrimonio das Administracións Públicas.

3.- Procedencia da adopción de acordo de cesión da titularidade do ben.- Un sector importante da Doctrina, apreciou que podería ser de aplicación en supostos similares a denominada mutación demanial subxectiva ou externa. Ó respecto, a vixente Lei 33/03 prevé supostos de mutacións demaniais nunha mesma Administración, pero non se aprecia o suposto de relacións interadministrativas. A carencia de regulación ó respecto, imposibilitaría a realización de tales negocios xurídicos. Os bens das Entidades Locais que teñen a condición de dominio público teñen certas características de inalienabilidade, inembargabilidade e imprescriptibilidade. O estar previsto que o destino destes bens sexa un servizo público doutra Administración, perden a condición de ben de dominio público da Entidade local, e ésta, unicamente se pode perder mediante a alteración tácita ou expresa da calificación xurídica do ben. Unha vez desafectado e cedido, podería a Administración titular do ben, afectar ó servizo ou uso público correspondente según a normativa propia. En palabras de Barcelona Llop (La utilización del dominio público por la Administración: Las reservas demaniales, páxs. 113 e seguintes), as mutacións demaniais non teñen no noso ordenamento efecto modificativo algún da titularidade sobre os bens ós que se refieren porque o seu alcance queda limitado a un cambio ou afectación sen alteración da titularidade demanial. É dicir, as mutacións demaniais operan sobre bens cuxa titularidade corresponde a unha mesma Administración pública, sen resolver cuestións atinentes a modificacións da titularidade do dominio público. En España, a regulación legal das mutacións demaniais impide concedelas outro alcance. Parada Vázquez (Derecho Administrativo -bienes públicos e urbanismo-. Marcial Pons. 1988) propoñía que se establecera unha previsión legal ó respecto de tal xeito que se permitise a realización de mutacións demaniais interadministrativas. Noutras Comunidades Autónomas existen previsións en tal sentido, como é o caso de Andalucía (Lei 9/99, de 29 de setembro, de Bens das Entidades Locais), Aragón (Lei 7/99, de 9 de abril de Administración local), Cataluña (Decreto 336/88, de 17 de outubro, reglamento de patrimonio das Entidades locais) ou A Rioxa (Lei 1/03, de 3 de marzo, de Administración local). Pese a esta previsión legal ou ausencia de normativa ó respecto, non se pode esquecer que a disposicións e usos dos bens adquiridos por motivos urbanísticos se regulan por unha normativa específica. En efecto, a vixente Lei 9/02, non prevé un suposto específico de cesión de terreos destinados a equipamentos públicos dunha Administración a outra. Unicamente, en sede da regulación do patrimonio municipal do solo, se prevé no artigo 177.4 o seguinte: "(...) Os municipios poderán ceder gratuitamente os bens incluídos no patrimonio municipal do solo, nos supostos previstos na lexislación vixente e cumprindo os requisitos establecidos nela, observando a súa finalidade urbanística con destino á vivenda de promoción público ou para equipamentos comunitarios, debendo constar en documento público a cesión e o compromiso dos adquirentes (...)". A redacción da Lei autonómica provén da lexislación sobre xestión do patrimonio municipal do solo do Texto refundido da Lei do solo e ordenación urbana (artigos 276 e seguintes do real decreto lexislativo 1/92, de 26 de xuño) e o Texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana (artigos 89 e seguintes o real decreto 1346/76, de 9 de abril). Neste último texto incluso formaba parte do patrimonio municipal do solo os terreos destinados a equipamentos comunitarios. Neste feito podemos encontrar a orixe e fundamento de ausencia de normativa que regule a cesións de titularidade de terreos de dominio público dunha Administración a outra. Por outra parte, con carácter supletorio, se podería acudir o disposto no artigo 2.2 do real decreto-lei 8/80, de 14 de marzo, sobre creación de solo e axilización da xestión urbanística. En concreto, no citado precepto se dispoñe o seguinte: "(...) As Administracións Públicas Urbanísticas poderán transmitirse entre sí, a título gratuito, terreos da súa propiedade para a construción de vivendas de protección oficial, creación de solo para su oferta con dita finalidade ou instalación de equipamentos comunitarios (...)". Unha interpretación teleolóxica e actual da normativa vixente (incluso con carácter supletorio), conleva a que se poida considerar como posible a cesión gratuita da titularidade de terreos destinados a equipamentos comunitarios para o exercicio de competencias que son propias da Administración cesionaria.

5.- *Procedemento, condicións e forma do título polo que se cede a titularidade da parcela.- En ausencia de normativa que regule o procedemento polo que se ha de tramitar o presente expediente, en virtude das garantías que ofrece o previsto para os bens patrimoniais nos artigos 109 e seguintes do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, se podería utilizarse o mesmo con carácter meramente indicativo. Por todo elo, se propoñe que no expediente consten os seguintes documentos: acreditación da inscrición rexistral e do inventario municipal, informe da intervención na que se comunique que a Consellería de Educación non ten débedas coa facenda municipal, dictamen no que se asevere que os bens non se encontren comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación etc... Sería aconsellable a apertura dun trámite de información pública por un prazo mínimo de quince días. O documento de cesión deberá ser formalizado en escritura pública tra-la oportuna sinatura do convenio administrativo que se achega como anexo dentro da presente proposta. As condicións que se fixan no convenio aludido, son as mínimas e necesarias previstas na regulamentación actualmente en vigor. Dado que a parcela non tivo acceso*

6.-*Necesidade da articulación dun plan global de usos de parcelas de equipamento.- A atribución de usos e utilización das parcelas de equipamento municipal, debería ser realizado tra-la tramitación e análise dun plan ou programa específico que analizara as necesidades de equipamento nas diferentes zonas do Término municipal de Vigo. No mesmo, debería de tener participación a totalidade de departamentos e cocellerías con responsabilidades na xestión de servizos públicos.*

7.-*Implicacións tributarias do acordo de cesión da titularidade proposto e necesidade da regularización da situación tributaria coa Administración municipal.- .- Tanto a Xurisprudencia como a Doctrina, considera na actualidade que o Concello actúa como un empresario máis para os efectos do IVA. A Dirección Xeral de Tributos, considera que as entregas de parcelas ou terreos por entes públicos se realizan no exercicio duha actividade profesional ou empresarial (p. ex. Contestación á consulta de 18 de febreiro de 2001 -JUR 2001, 192238-), nos seguintes supostos: 1. Cando as parcelas ou terreos transmitidos estivesen afectos a unha actividade empresarial ou profesional desenvolvida por un ente público; 2.- Cando as parcelas ou os terreos transmitidos foran urbanizados polo Concello; 3. Cando a realización das propias transmisións de parcelas ou terreos efectuadas polo ente público determinasen, por ís mesmas, o desenvolvemento dunha actividade empresarial, al implicar a ordenación dun conxunto de bens personais e materiais para intervir na produción e distribución de bens e servizos, asumindo o risco e ventura que poidera producirse no desenvolvemento da actividade. Todo elo pese a que nun principio a propia Sexta Directiva comunitaria exclúe da consideración de suxeito pasivo do IVE ós entes públicos cando exerzan funcións públicas. Non obstante, o artigo 4.5 da aludida Sexta Directiva establece que necesariamente deberán considerarse como suxeito pasivo sempre e cando a actividade pública poidera producir distorsións na competencia. Neste caso non se dan as notas necesarias para apreciar que o Concello actúa como un empresario. O Concello adquiriu a parcela que se cede actualmente, tra-lo asinamento do oportuno convenio co Instituto Galego da Vivenda e do Solo o 23.06.05 en concepto de cesión de parcela de equipamento docente. En todo caso a mesma mantén a condición de ben de dominio público afecta ó servizo público que vai a prestar a Administración autonómica. A parcela por ser de natureza demanial non se integra no patrimonio municipal do solo, polo tanto, o Concello non actúa neste caso como un empresario máis intervindo no mercado inmobiliario. A parcela que se cede pese a ser susceptible de edificación (construcción da escola superior de arte dramático), non ten atribuído aproveitamento lucrativo algún dado o seu carácter de cesión obrigatoria e de ben de dominio público. Polo tanto, enténdese que estamos ante un suposto de non suxeición da Lei 37/92, en concreto, o previsto no artigo 7.8º. Tal postura é respaldada pola Resolución 2/2000, de 22 de decembro, concluíndo que non se trata de entrega de bens nen de prestación de servizos: "(...) la doctrina mayoritaria más reciente en materia de derecho urbanístico mantiene, que con ocasión del desarrollo del proceso urbanizador, no se produce, en sentido estricto, una cesión de aprovechamientos urbanísticos a la Administración, sino un reparto de los citados aprovechamientos entre los titulares de los terrenos sobre los que se desarrolla el citado proceso y aquella (...)". En conclusión, o negocio*

xurídico dimanante do presente acordo, deberá ter transcendencia para os efectos do imposto de transmisións patrimoniais regulado polo real decreto lexislativo 1/93.

8.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.-De acordo co establecido no artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei de bases de réxime local, a competencia para a adopción do presente acordo está atribuída á Xunta de Goberno Local. Con carácter previo, deberá recabarse informe de fiscalización no que se aborde necesariamente as implicacións tributarias da sinatura e formalización do convenio.

Polo tanto, á vista do contido do presente informe, propónse a adopción do presente acordo:

- 1.- Acordar a cesión da titularidade da parcela de equipamento educativa sita na etapa III-A do Plan Parcial cunha superficie de 8.500 m2 para destinala para a construción da Escola superior de arte dramático.*
- 2.- Aprobar o texto do convenio polo que se instrumentará a cesión da parcela de equipamento.*
- 3.- Dar conta da presente resolución á oficina de patrimonio e demais departamentos municipais interesados.*
- 4.- Comunicar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso administrativo de reposición no prazo dun mes neste administración ou, contencioso administrativo perante ó xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Acordar a cesión da titularidade da parcela de equipamento educativa sita na etapa III-A do Plan Parcial cunha superficie de 8.500 m2 para destinala para a construción da Escola superior de arte dramático.

2º.- Aprobar o texto do convenio, que de seguido se transcribe, polo que se instrumentará a cesión da parcela de equipamento.

3º.- Dar conta da presente resolución á oficina de patrimonio e demais departamentos municipais interesados.

4º.- Comunicar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso administrativo de reposición no prazo dun mes neste administración ou, contencioso administrativo perante ó xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

CONVENIO ESPECÍFICO POLO QUE CEDE A TITULARIDADE DA PARCELA DESTINADA A EQUIPAMENTO DOCENTE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A UBICACIÓN DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICO.

En Vigo, ade 2006

REUNIDOS:

Dunha parte, Dona Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.

Doutra parte, Dona Laura Sánchez Piñón, en representación da Xunta de Galicia, que actúa de conformidade co disposto no art. 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente e o Decreto 213/2005, do 3 de agosto, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia e que en virtude do disposto no artigo 14 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común e do artigo 1º da Orde do 26 de agosto de 2005 sobre competencias en órganos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria reclama neste acto para si o exercicio das competencias delegadas pola devandita orde.

EXPOÑEN

- 1. Que o artigo 25.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, regularadora das bases de réxime local establece a competencia das entidades locais na participación e cooperación coa Administración educativa na creación, constitución e sostenemento dos centros docentes públicos. Pola outra parte, a disposición adicional décimo sétima, apartado 3, da Lei orgánica 1/1990 de ordenación xeral do sistema educativo <LOXSE> determina que os municipios cooperarán coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a adaptación ou construción dos centros docentes.*
- 2. Que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en harmonía co artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten atribucións que veñen reflectidas no artigo 1 do Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado, en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.*
- 3. Que co obxecto de acadar un máis axustado desenvolvemento do sistema educativo galego, en especial no que atinxe á comunidade escolar da zona, faise precisa a realización das obras de construción do edificio para a Escola Superior de Arte Dramática.*
- 4. Que o Concello de Vigo e o Instuto Galego da Vivenda e do Solo formalizaron un convenio específico de cesión de espazos libres, parte do viario, equipamentos e aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello derivada da execución do sector do plan parcial de Navia. Neste convenio prevíase a cesión dunha parcela de equipamento educativo sita na etapa III-A do aludido instrumento de desenvolvemento.*
- 5. Que o obxecto do convenio e unha parcela destinada a equipamento educativa, sita na etapa III-A do Plan Parcial de Navia, coa seguinte descripción: Superficie: 8.500 m²; Lindeiros: Norte: Liña de 56,40 metros-resto finca matriz; Sur: Liña de 152 metros-Concello de Vigo-Parcela espazo libre P3; Leste: Liña de 63,30 metros-Rúa Pozo Cabalo; Oeste: Liña de 75,65 metros-Concello de Vigo-Resto finca matriz.*
- 6. Na tramitación do expediente seguíronse os trámites previstos no artigo 109 e seguintes do real decreto 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Corporacións Locais.*
- 7. Como queira que por acordo da Xunta de goberno local de.....acordou a cesión da titularidade da parcela destinada a equipamento educativo á Consellería de Educación,*

Asínase o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste Convenio a cesión da titularidade da parcela destinada a equipamento educativo descrito nos antecedentes do presente convenio ubicada na terceira etapa do Plan Parcial de Navia. A parcela que se cede está libre de cargas ou gravámenes.

SEGUNDA.- A Consellería de Educación comprométese á construción da Escola superior de arte dramático galego no prazo máximo de dous anos e a destinar a parcela para tal fin (o citado quedará prorrogado de xeito automático anualmente, salvo denuncia dalgunha das partes), quedando sen efecto a cesión naquel caso que se pretenda a desafectación, alteración ou adscripción a outro uso ou servizo distinto ó previsto no presente convenio. Pola reversión da parcela o cesionario non percibirá ningún tipo de contraprestación ou indemnización polo que tivera construído na parcela. Bastará un acta notarial de constancia dos feitos aludidos con anterioridade para que poida ser modificada a inscrición rexistral da parcela a nome do Concello.

TERCEIRA.- A Administración autonómica deberá asumir o coste de mantemento e conservación da parcela que se cede, así como os gastos de funcionamento do centro de saúde en sí.

CUARTA.-O Concello se compromete á prestación dos servizos de abastecemento e evacuación de augas, limpeza viaria e recollida de lixo. Así mesmo, no momento da recepción das obras urbanización se dará oportunidade para que o equipamento educativo poida recibir axeitadamente os servizos de subministro de enerxía eléctrica e telecomunicacións. No mesmo acto garantirase o acceso rodado.

QUINTO.- A Administración autonómica promoverá a inscrición rexistral dos efectos do presente convenio, asumindo os gastos de formalización en escritura pública e demais que sexan necesarios para a práctica da mesma.

35(1341).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.A. 3 CHANTADA (CASTRELOS); APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4629/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe o técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 21.09.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- En data 27/09/2004 o Pleno municipal acordou:

“Primeiro.- Aprobar definitivamente o PERI da "UA 03-Chantada", asinado polos arquitectos A. Davila, E. Filgueira, C. Jiménez, L. Meijide e J. Cordeiro, na súa última versión con memoria e planos visados polo COAG no 17.02.2004, coa simultánea delimitación dun único polígono a executar polo sistema de compensación (expte. 8425/411). Segundo.- Desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo. Terceiro.- No momento de recepción das obras de urbanización do polígono deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación.(...)”.

As normas e ordenanzas deste Plan Especial de Reforma Interior publicáronse no BOP núm. 202, do 19/10/2004.

2º.- No 28/11/2005 a Xunta de Goberno Local acordou: *“Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UA 3 Chantada (Castrelos), que fora aprobado inicialmente pola Xunta de Compensación dese*

polígono na súa asemblea do 12/08/2005, coa rectificación que se deriva da estimación da alegación citada no aptdo. anterior deste Acordo (expte. 4618/401)”.

3º.- En data 03/11/2005 o representante da Xunta de Compensación do devandito polígono interpuxo na Xerencia de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación do correspondente Proxecto de Urbanización. Dita documentación foi rectificadora e completada –previo requirimento municipal- con outra presentada no día 13/09/2006.

No mes de novembro de 2005 comunicóuselle a tramitación do proxecto de urbanización ás entidades concesionarias dos servizos públicos de enerxía eléctrica, telefonía, gas e abastecemento e evacuación de augas, para que formularan as observacións que tivesen por conviñente.

No 30/03/2006 o enxeñeiro industrial da oficina municipal de servizos electromecánicos emitiu un Informe sobre o proxecto de iluminación pública da urbanización.

No 26/05/2006 o enxeñeiro técnico agrícola da oficina municipal de montes, parques e xardíns emitiu Informe favorable.

No 20/07/2006 a entidade concesionaria “Aqualia” emitiu un Informe no que manifestou o seguinte:

“(…) la red existente instalada por la Avda. de Castrelos en el tramo comprendido entre la Glorieta de Pereiró y el río Lagares, no puede absorber los caudales que aportarían los edificios proyectados por la UA, por lo que habría que sustituir los colectores existentes por otros de nueva construcción, tanto pluviales como fecales. La empresa de ingeniería TICCO ha presentado recientemente en el departamento de Vías y Obras del Ayuntamiento de Vigo el ejemplar cero del proyecto denominado “Proyecto básico de reforma de la Avda. de Castrelos-Vigo”, en el cual está incluido el saneamiento del tramo indicado, por lo que sería conveniente facilitarle todos los caudales evacuados por la urbanización para que se incluyan en el diseño de los citados colectores. No obstante, para las aguas pluviales, le informamos que existe un proyecto de saneamiento entregado al Ayuntamiento denominado “Descabezado del arroyo del Barrio de Chantada en el entorno del parque de Castrelos”, que pudiera recoger parte de las aguas pluviales de la cuenta donde probablemente iría ubicada la urbanización”.

No 13/09/2006 a Xunta de Compensación presentou un escrito nesta Administración municipal, no que entre outros extremos sinalou que:

“(…) Se modifica la red de saneamiento, teniendo en cuenta: lo apuntado por la concesionaria del servicio en cuanto al efecto de otras actuaciones, la necesidad de una nueva tubería tanto de pluviales como de residuales en la Avda. de Castrelos por sobrecarga de la red existente. Se ejecutará, dejando arquetas intermedias de espera, el tramo de la obra municipal proyectada por TICCO Consulting en diciembre de 2003, correspondiente al descabezado del arroyo del Barrio Chantada en el entorno del parque de Castrelos en cuanto discurre por el ámbito. Se modifican pendientes y profundidades de cara a reducir estas últimas. Se incluye modelo actual de sumideros de bordillo (...)”.

4º.- No 15/09/2006 o enxeñeiro da oficina municipal de servizos electromecánicos emitiu un novo Informe sobre as instalacións de alumeado público, gas e contedores soterrados na devandita urbanización.

En data 20/09/2006 o enxeñeiro técnico de obras públicas e o director-adxunto dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo emitiron un Informe no que entre outros extremos fixeron constar o seguinte:

“(…) Ós efectos fiscais que corresponda, o presuposto de execución material ascende á cantidade de 1.194.673,27 € polo que dacordo co apartado 3.8.1.2i das vixentes NN.UU., deberán presentar un Aval polo 100% a aprobación definitiva. A unidade de actuación ten unha superficie total de 29.747 m², correspondendo 15.306,95 m² a rúas e beirarrúas, 3.522 m² a zonas verdes, 2398.70 m² a unha parcela destinada a Equipamentos, e o resto da superficie corresponde a edificacións e zonas interiores das mesmas. Dita urbanización está composta por unha rúa principal que corresponde co vial de conexión entre a venida de Castrelos e o vial da universidade, a conexión desta coas rúas Canicouba e Chantada, parte da rua Ribadavia e o vial da universidade e 5 rúas mais transversais ao vial principal. A urbanización dispoñe de tódolos servizos urbanísticos habituais: rede de pluviais, saneamento, abastecemento e rega, alumeadado público, rede de gas, comunicacións e mobiliario urbán e dispositivos para instalación de colectores subterráneos de lixo.

Cabe resaltar no presente informe que a rede de recollida de augas pluviais do proxecto inclúe tamén o tramo afectado polo ámbito desta urbanización do proxecto de "Descabezado del arroyo del barrio de Chantada en el entorno del parque de Castrelos", pero tendo en conta o feito de que unha vez executado este tramo non se pode pór en servizo ao carecer de continuidade ata o río Lagares. Tamén se inclúe o tramo de colectores de pluviais e fecais contemplados no proxecto de "Reforma da Av. de Castrelos", carecendo tamen de continuidade ata non executar dito proxecto. En consecuencia a urbanización UA-3 CHANTADA deberá descargar as súas augas pluviais ó colector Ø 500 mm de dito proxecto ata o seu entroncamento co colector Ø1200 mm situado na avenida Portanet.

O proxecto cumpre coas vixentes NN.UU., cos artigos 67 ao 70 do RPU, e co decreto 35/2000 de accesibilidade. Adxuntanse os informes favorables dos servizos de Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns. O comezo das obras terá que ser posto en coñecemento do coordinador da área de servizos par afectar o seguimento das mesmas e coordinar os diversos departamentos municipais que vaian ter competencia unha vez sexan entregadas. O solicitar a recepción das mesmas facilitarase o realmente executado en soporte informático. A dirección facultativa das obras estará obrigada a entregar a inspección municipal das obras aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades que por aquela fosen considerados necesarios, conforme o prego de prescricións técnicas. O acordo de aprobación inicial, así como o período de exposición o público notificarase as empresas Unión Fenosa, Aqualia e as de comunicacións, ademais dos propietarios dos terrenos incluídos no ámbito do proxecto, entre os cauais atopase o Concello de Vigo”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Este procedemento debe tramitarse consonte co disposto no art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

De conformidade co disposto no apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licenza de Obras antes da finalización e recepción definitiva da urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 1.194.673,27 euros.

O Concello de Vigo non participará nos custes de urbanización do polígono por razón do solo recibido por atribución legal (10% do aproveitamento urbanístico total), de conformidade co disposto no art. 20.1.c) LOUGA.

Os propietarios do polígono asumirán o custe de conservación das novas zonas verdes, tal e como se esixe no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29 de abril de 1993 (PXOU-93). Dita obriga figura como carga real na descripción das parcelas resultantes do proxecto de compensación. No momento de recepción das obras de urbanización, deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación (art. 110 LOUGA).

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da UA 3 Chantada (Castrelos), promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polos arquitectos A. Davila, E. Filgueira, C. Jiménez, L. Meijide e J. Cordeiro, na súa última versión con memoria e planos visados polo COAG no 31/10/2005 e 12/09/2006 (Expte. 4629/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación xunto cunha copia dos informes técnicos citados no antecedente “4º” da parte expositiva deste Acordo. Notifíquese tamén a tódolos propietarios do polígono, e ao colexio de educación primaria “Canicouba-Pereiró”, así como á oficina municipal de supervisión de proxectos e ao equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(1342).- ESTATUTOS E BASES PARA A CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO IV PEPRI DE BOUZAS; APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 4661/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 25.09.06, que di o seguinte:

Por acordo de 30.09.02 o Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva o Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Bouzas (expte 5826/411).

O 17.02.06 parte dos propietarios de terreos incluídos na delimitación do polígono 6 do PEPRI de Bouzas, presentan escrito no que se insta a aprobación inicial de estatutos e bases de actuación.

Logo do oportuno requerimento municipal o 30.12.05 don Daniel Vázquez Ferro presenta escrito e documentación. Con posterioridade o 29.05.06 a mesma é completada. No expediente constan os seguintes documentos:

- *Escrito presentado por parte dos propietarios de data 17.02.06 e 29.05.06 no que se insta a aprobación inicial dos estatutos e bases de actuación.*
- *Proxecto de estatutos e bases de actuación, rectificadas tra-lo requerimento municipal (mod. artigos 14 e 42).*
- *Relación de propietarios, escrituras e notas simples de parte das fincas incluídas no polígono:*

FUNDAMENTOS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.-Aprobación inicial de estatutos e bases de actuación.- Tendo en conta o disposto no artigo 155 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, procede a aprobación inicial dos estatutos e bases de actuación. No momento da aprobación definitiva deberá quedar constancia fidedigna de que os propietarios que presentan o proxecto de estatutos e bases supera o 50% da superficie do polígono. Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 32, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común cando se actúe por representación deberase acreditar a mesma por calquera medio admitido en dereito.

2.- Apertura dun trámite de información pública.- Tra-la aprobación inicial procede a apertura dun trámite de información pública por prazo de vinte días. Deberase publicar o mencionado anuncio do acordo no Boletín oficial da provincia en un dos diarios de maior circulación da provincia. Durante este prazo os propietarios poderán formular alegacións na defensa dos seus dereitos, e no seu caso, solicitar a incorporación da Xunta. Así mesmo, tamén podrán formular alegacións por que non sexan propietarios afectados. Para os efectos do previsto no artigo 42.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, se debe informar ós interesados que o prazo máximo de resolución do expediente de aprobación de estatutos e bases é de dun mes, transcorrido o cal se entenderá aprobado por silencio administrativo.

3- Constitución da xunta de compensación.- Unha vez aprobados definitivamente os estatutos e bases, todos os propietarios serán requeridos para a constitución da Xunta de compensación. A mesma actuará como fiduciaria con pleno poder dispositivo sobre os predios que pertencen ós propietarios incorporados voluntariamente a ela. Os propietarios non adheridos, tra-la solicitude da Xunta de compensación, procederá a incoación do correspondente expediente expropiatorio.

4.- Necesidade de práctica da nota marxinal de iniciación do expediente de reparcelación no Rexistro da propiedade.- De acordo co previsto no artigo 5º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico, procede a práctica da nota marxinal de inicio do expediente dende o momento de formalización en escritura pública da constitución da xunta de compensación.

4.- Competencia para a adopción do presente acordo.-É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 124 Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo elo, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente os estatutos e bases de actuación do polígono IV do Plan especial de protección e reforma interior do conxunto histórico de Bouzas.

SEGUNDO: Someter o presente expediente a un trámite de información pública no prazo de vinte días. Publicarase o presente acordo no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e nun dos diarios de maior circulación, tal e como establece o artigo 155 da Lei 9/02, de 30 de decembro.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ós propietarios que constan no expediente comunicándolles que contra o presente acordo non cabe recurso administrativo por ser un acto de mero trámite.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(1343).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE EDELNE S.L. POR OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA NA RÚA LÓPEZ DE NEIRA Nº 18. EXPTE. 50375/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 26.09.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 7 de outubro de 2005, este Departamento , condiciona a autorización obxeto do presente, a constitución dun aval de 1.000 Euros, polos danos que puideran ocasionarse o patrimonio municipal. Unha vez ingresado o mesmo na Tesorería Municipal e rematados os traballos solicitados, o interesado soliciou a devolución do aval, mediante solicitude de data 26 de xuño de 2006.

O Enxeñeiro Técnico , en data 27 de setembro de 2006, reseña que as obras foron executadas correctamente, procedendo a informar favorablemente a devolución do aval solicitado.

Polo que PROPONSE:

Proceder á devolución do aval por importe de 1.000 Euros , a EDELNE S.L., por obras de canalización eléctrica na rúa López de Neira nº 18.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución do aval por importe de 1.000 € , a EDELNE S.L., por obras de canalización eléctrica na rúa López de Neira nº 18.

38(1344).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DO ENTORNO DA SOCIEDADE HELIOS. EXPTE. 50288/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.09.06, e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 19.09.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos xerais, a concelleira delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de cooperación económica entre o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive para a execución das obras que se adxunta.

3º.- Autorizar á Excma. Sra. Alcaldesa para a firma do Convenio en representación do Concello.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DO ENTORNO DA SOCIEDADE HELIOS.

En Vigo a ----- de ----- de -----

REUNIDOS

Dunha parte a Excm. Sra., Doña Corina Porro Martínez, na súa calidade de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, facultada para firmar este convenio pola Xunta de Goberno Local, segundo acordo adoptado en sesión de -----.

E doutra, D. Benito Pérez González, na súa calidade de Alcalde-Pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive, segundo acordo da Xunta Veciñal da Entidade Local de Bembrive de 26 de xullo de 2006.

Interveñen en razón dos seus cargos representando ás súas respectivas Entidades Locais, de conformidade coas competencias que lle atribúen os artigos 124.1 e 45.2 da Ley 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e os artigos 61.1 e 159 da Ley 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Ámbalas dúas partes teñen, e así se recoñecen mutuamente, plena capacidade para a formalización do presente Convenio, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

Por isto, de común acordo

EXPOÑEN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 6 e seguintes da Ley 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, 3, c) do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño que aproba o Texto Refundido da Ley de Contratos das Administracións Públicas, 57 da Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 198 e seguintes da Ley 5/1997, de 22 de xuño de Administración Local de Galicia.

II.- Que así mesmo, e de conformidade co previsto no artigo 163 da referida Ley de Administración Local de Galicia, unha das competencias das Entidades Locais Menores é a execución das obras do seu interese, sempre que sexan realizadas con fondos propios. No obstante estas institucións poden firmar convenios de colaboración para ditas finalidades cos Concellos cando as iniciativas que comprendan beneficien non so aos cidadáns da Entidade Local Menor, senón tamén aos restantes veciños do municipio, como ocorre neste caso.

III.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das Entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a suscripción do presente convenio, consonte as seguintes:

CLAUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio no marco de cooperación económica do Concello de Vigo coa Entidade Local Menor de Bembrive é posibilitar a execución das obras de mellora do entorno da sociedade Helios de Bembrive, segundo proxecto redactado polos enxeñeiros D. Santiago López Fontán e Gerónimo Centrón Castaños,

baixo a dirección do enxeñeiro municipal D. Álvaro Crespo Casal, aprobado pola Xunta de Goberno Local con data----- e cun orzamento de execución por contrata de 208840, 179 euros, IVA incluído.

Segunda.- Do referido orzamento o Concello de Vigo asume a financiación das referidas obras na contía de 135000 euros, con cargo á partida 5110.611.00.33 do vixente orzamento de gastos, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de maio de 2006.

Pola súa parte a Entidade Local Menor de Bembrive, según acordo da súa Xunta Veciñal de data 26 de xullo de 2006 asume o resto da financiación que supón un total de 68840,18 euros con cargo á partida 4.762 do seu presuposto do exercicio do 2006 que se compromete a ingresar no Concello despois da firma deste Convenio e sempre antes do inicio do expediente de contratación.

Terceira.- As devanditas obras serán executadas polo Concello de Vigo a través de empresa constructora cualificada seleccionada a través do procedemento de contratación legalmente previsto.

Cuarta.- Calquera medida que se adopte con cargo ao presente convenio será aprobada pola Xunta de Goberno Local dándolle traslado dunha certificación do acordo adoptado á Entidade Local Menor de Bembrive no prazo de 10 días dende a súa adopción, coa finalidade de que nun prazo da mesma duración poda pór as obxeccións á mesma que estime oportunas, entendéndose, se non existisen, que presta a súa plena conformidade á medida adoptada.

Quinta.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente Convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Coordinación da que forman parte os Presidentes de ámbas Institucións, ou persoas en quen deleguen, e por un Técnico de cada Entidade Local, que se reunirá dentro do prazo de 3 días dende a petición expresa realizada por calquera das partes, na Sede do Organismo requerido.

A resolución das posibles controversias que puideran suscitar a execución deste convenio e nas que non existise acordo na citada Comisión, serán resoltas pola xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Sexta.- O presente convenio terá vixencia de 1 ano, a partires da súa sinatura, podendo prorrogarse de mutuo acordo sempre e cando concurran circunstancias excepcionais debidamente motivadas.

Séptima.- Serán causas de resolución as seguintes:

- a) O remate do prazo, previa denuncia de calquera das partes.
- b) O incumplimento das obrigas derivadas deste convenio, especialmente a falta de ingreso nas arcas municipais da aportación que corresponde á Entidade Local Menor de Bembrive.

En proba de conformidade, as partes intervintes asinan o presente convenio por cuadruplicado e a un só efecto no lugar e data reseñada no encabezamento.

39(1345).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE NOVA PONTE SOBRE O RÍO LAGARES NA BAIXADA Ó PONTILLÓN. EXPTE. 34167/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.08.06 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 8.08.06, conformado polo asesor xurídico da

Área de Servizos xerais, a concelleira delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 16 de xuño do 2006 para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de “ Construcción de nova ponte sobre o río Lagares na Bxa. ó Pontillón ” .

2º.- Autorizar a tramitación do expediente como anticipado de gasto por estarse a tramitar a modificación presupostaria que permite dar cobertura ó gasto. Polo tanto a adxudicación do contrato quedará en suspenso ata que exista crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó gasto.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do proxecto de “ Construcción de nova ponte sobre o río Lagares na Bxada. ó Pontillón “ por 400.328,20 € e con cargo á partida 511.0.601.00.01 do presuposto 2006 , supeditado éste a existencia de crédito

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

40(1346).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A REDACCIÓN DE PROXECTO DE MELLORAS NA ETAP DO CASAL. EXPTE. 49837/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.09.06 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 31.07.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos xerais, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais con data 31 de xullo do 2006 para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso da redacción do “Proxecto de melloras na E.T.A.P de Casal ”.

2º.- Autorizar o gasto para a contratación da asistencia técnica para a redacción de dito proxecto por importe de 100.000,00 € e con cargo á partida 4410.227.06.01 do orzamento 2006.

3º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

41(1347).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO PALCO DA MÚSICA EN NAVIA E VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL FONTÁNS. EXPTE. 49935/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.09.06 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 27.07.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos xerais, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os proxectos de : “Palco da música en Navia (demolición palco e construción de novos vestiarios)” e “ Ampliación e mellora dos vestiarios do campo de fútbol Fontáns ”, redactados polo aparelador municipal D. Miguel Carrera Mouriño, que conteñen os pregos de prescricións técnicas.

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso, por lotes, das obras de: “Palco da música en Navia (demolición palco e construción de novos vestiarios)” e “ Ampliación e mellora dos vestiarios do campo de fútbol Fontáns ”.

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras por importe de : Lote 1: “Palco da música en Navia (demolición palco e construción de novos vestiarios)” :62.732,00 € .- Lote 2: “ Ampliación e mellora dos vestiarios do campo de fútbol Fontáns ”: 55.000,00 € ,e con cargo ás partidas 5110.611.00.03 e 4521.632.00.01 do orzamento 2006.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

42(1348).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. MARINA ESPAÑOLA, ENTRE AVDA. DE GALICIA E A ETEA. EXPTE. 49994/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.08.06 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 09.08.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos xerais, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de Humanización da avda. Marina Española, entre avda. Galicia e a ETEA, na cidade de Vigo, redactado por PETTRA xunto co prego de prescricións técnicas do mesmo .

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de de Humanización da avda. Marina Española, entre avda. Galicia e a ETEA, na cidade de Vigo .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras por importe de 245.000,00 € e con cargo á partida 511.0.611.00.09 do orzamento 2006.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

43(1349).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN BAIXADA CAPITÁN E ACONDICIONAMENTO ESTRADA VILAR-LAVADORES. EXPTE. 49997/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.08.06 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 10.08.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos xerais, a concelleira delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os proxectos redactados polo enxeñeiro técnico municipal D. Jorge Muñoz Rama que conteñen os pregos de prescricións técnicas, e coas seguintes denominacións : “Construcción de beirarrúas en Bxda. ao Capitán – Lavadores” e “Acondicionamento na Estrada de Vilar – Lavadores” .

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso, por lotes, das obras dos proxectos indicados no punto anterior .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras por importe de :

Lote1 : “Construcción de beirarrúas en Bxda. ao Capitán – Lavadores” : 73.000,00 € ; Lote 2: Acondicionamento na Estrada de Vilar – Lavadores : 70.000,00 € e con cargo ás partidas 511.0.611.00.02 ; 511.0.611.00.12 respectivamente do orzamento 2006.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

44(1350).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN DO PASEO DE BOUZAS. EXPTE. 50044/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.08.06 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 22.08.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos xerais, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “ Reparación do Paseo de Bouzas ”, redactado polos técnicos municipais da Área de Servios Xerais D. Álvaro Crespo Crespo Casal e D. Jorge Muñoz Rama .

2º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servios Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de “ Reparación do Paseo de Bouzas ” .

3º.- Autorizar os gasto para a contratación das obras do proxecto de “ Reparación do Paseo de Bouzas ” por 230.000,00 € e con cargo á partida 511.0.601.00.10 do presuposto 2006 , segundo modificación orzamentaria aprobada 51/06.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

45(1351).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO VIAL DE ACCESO Á UNIVERSIDADE, BARXA. EXPTE. 50138/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.09.06 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 20.09.06, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos xerais, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servios Xerais para á contratación por procedemento negociado sin publicidade da redacción do “Proxecto de Humanización do vial de aceso á Universidade – Barxa ”.

2º.- Autoriza-lo gasto para a contratación da asistencia técnica para a redacción de dito proxecto por importe de 30.000,00 € e con cargo á partida 5110.227.06.05 do orzamento 2006

3º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o procedemento negociado para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

46(1352).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO DA XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 7111/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 2.10.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Trobeiro, S.L. o concurso para a contratación da Escola Municipal de Música. Expte.7111/332 por un importe de 368.000 euros/ano e un prezo hora de prestación do servizo de 32 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 28.08.2006 e a oferta presentada.

47(1353).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez